


# Sinaladas



**A loita das mulleres no século XX:  
cen anos de conquistas e represión.**



**Deputación  
DA CORUÑA**



**IGUALDADE  
DE XÉNERO**  
DEPUTACIÓN DA CORUÑA




# Sinaladas

## A loita das mulleres no século XX: cen anos de conquistas e represión.

*Unha exposición do Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís da Deputación da Coruña*



Deputación  
DA CORUÑA



IGUALDADE  
DE XÉNERO  
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

**Deseño:**

Capicúa

**Adaptación interiores:**

Slab Arquitectura de interiores

**Contidos e redacción de textos:**

Montse Fajardo

**Apoio e asesoramento:**

Ramón Ermida, Luís Bará, Ricardo Gurriarán, Pepe Álvarez Castro e Dionisio Pereira

SE QUERES SABER MÁIS...



### A LOITA DAS MULLERES: CEN ANOS DE CONQUISTAS E REPRESIÓN

Sinaladas é unha andaina por cen anos de historia -de finais do século XIX a finais do XX-, a través das mulleres galegas, e nomeadamente das coruñesas, que deron a batalla para conseguir mellorar a sociedade e o pagaron caro. Todo foi silencio. Ficaron desaparecidas da historia ou, o que é aínda peor, foron contadas por un relato misóxino que se fixo especialmente insultante no franquismo, que as converteu en pecado.

### O MAPA DE SINALADAS

Sinaladas está dividida en trece partes: Unha introdutoria, de presentación, e doce de contidos divididos por temáticas. As catro primeiras céntranse na época anterior a xullo de 1936 e nas consecuencias que padeceron as pioneiras pola súa loita. As catro seguintes no período comprendido entre o golpe de Estado e a disolución da guerrilla. As catro últimas no mantemento da represión contra as mulleres máis alá do 36, da posguerra e mesmo da morte do ditador; así como na permanencia da súa loita, imprescindible na consecución da democracia.



A coruñesa **Cinta Rey** abrazada á árbore da Caeira (Poio-Pontevedra) onde foi fusilado o seu fillo Vítor Casas. A foto tomouna **Amalia Álvarez**, a viúva de Alexandre Bóveda, que tamén foi asasinado nese lugar.

# Guía para ver Sinaladas



## I. A LOITA DE CLASES

A primeira parte repasa o papel das mulleres na loita de clases, a súa presenza nas revoltas agrarias e nos sindicatos, e a persecución á que son sometidas.



## II: A PARTICIPACIÓN NA VIDA POLÍTICA

A segunda parte céntrase na participación política das mulleres, na súa loita para conseguir dereitos, e nas trabas que lles puxeron mesmo os seus compañeiros de siglas.



## III: O ENSINO

A terceira parte fala da importancia que lle dá a II República á formación das mulleres e do retroceso no franquismo, especialmente teimudo na represión contra docentes.



## IV: A CULTURA

A cuarta parte homenaxea as pioneiras que abriron camiño na escrita, nas ciencias, no deporte e na arte, cuxos nomes borrou a ditadura.



## V: AS QUE DAN A BATALLA

A quinta parte fala da presenza das mulleres nos conatos de resistencia ao golpe de Estado de 1936 e do alto prezo que pagaron pola súa loita.



## VI: A RESISTENCIA SOLIDARIA

A sexta parte céntrase nas mulleres que van manter a resistencia tras a derrota republicana, dentro e fóra do país, con boicots, loitas contra os nazis ou solidariedade.




## VII: O EXILIO

A sétima parte está dedicada ao exilio, ás mulleres perseguidas por axudar os homes na fuxida, ás que tiveron que marchar e ás que defenderon os seus ideais noutro país.



## VIII: A GUERRILLA

A oitava parte fala da guerrilla, das mulleres do monte e das da chaira, imprescindibles para resistir. E de como o franquismo as vilipendia, as desterra, as viola, as mata.



## IX: O CORPO DA MULLER, CAMPO DE BATALLA

A novena parte céntrase na represión contra o corpo das mulleres, que son rapadas, violadas, tatuadas ou afastadas da súa descendencia pola ditadura.



## X: INDIVIDUAS DE DUDOSA MORAL

A décima parte fala do sexismo franquista e da Igrexa cómplice, principal inimiga das mulleres. Tamén do mantemento após 1975 de estruturas inquisitoriais como o Patronato.




## XI: LECCIÓNS DE CULTURA DEMOCRÁTICA

A décimo primeira parte aborda a participación das mulleres na loita das aulas para acabar coa ditadura, e do abrolo asociativo, após o abandono das forzas aliadas.



## XII: TRABALLAR EN PROL DA DEMOCRACIA

A última parte céntrase no papel das mulleres na loita do movemento obreiro, o nacionalismo e o feminismo nos anos previos e posteriores á morte do ditador.



## REVOLTAS AGRARIAS CONTRA OS ABUSOS

As revoltas agrarias que agroman en Galiza na fin do século XIX denuncian o abuso dos foros, a distribución caciquil dos arditrios e a falta de alimentos. Na I Guerra Mundial mans acaparadoras amorean produtos básicos para exportar a países en liza e as familias humildes, condenadas á fame pola riqueza duns poucos, inician unha loita cun importante protagonismo das mulleres. Como exemplo, en 1916 **Francisca Carou, Generosa Vidal, Ramona Suárez e Rosa Maneiro** son asasinadas pola Garda Civil por protestar contra un imposto abusivo en Nebra.



Nos albores do século XX, as clases humildes levántanse contra os abusos  
COBIÁN E NOVÁS. ARQUIVO MUSEO DE PONTEVEDRA



Mulleres e crianzas participan nas mobilizacións agrarias  
SOBRINO BUHÍGAS. ARQUIVO MUSEO DE PONTEVEDRA

## UN LUXO TER PAN

En 1918, ferrolás revoltas no mercado de Xuvia pola falta de gran que converge o pan nun luxo, asaltan almacéns e déitanse a centos nas vías para que os trens non sigan levando produtos aos acaparadores. **Xosefa Noval, Rosa Tenreiro, María Fernández e María González** son feridas de gravidade.

# Xuntas e revoltas



Unha multitude de persoas despediron as vítimas de Nebra  
FOTO DE F. KSADO PUBLICADA EN VIDA GALLEGA. ARQUIVO RAMÓN ERMIDA

## NA DEFENSA DO PATRIMONIO

As mulleres non só loitan polo pan, tamén polo patrimonio dos devanceiros. **Josefa Bolón, María Caamaño, Carmen Veira e María Serrano** son as vítimas da loita de Sofán (Carballo) contra o intento de pechar o cemiterio para construír un novo en terras do cacique local. Estamos en 1919.

*Sede rebeldes.  
Rebeldes contra o atropelo,  
contra a inxustiza, contra a aldraxe.  
Rebeldes contra todo o malo e ruín.  
Sempre rebeldes*

ROBERTO BLANCO TORRES

## REBELDÍA EN MEIRÁS

Meirás acolle en 1933 unha revolta contra a suba das rendas. Os gardas toman as terras pero as mulleres e as súas crianzas invádenas para sementar. Cando se unen os homes, hai medio cento de detidos. O sindicalista Francisco Babío volve á súa casa, sede de moitas reunións veciñais, desfeito das malleiras. Morre pouco despois. Logo vén o golpe militar e a súa viúva, **Josefa Portela**, é desafiuzada coas crianzas para ampliar os límites do pazo onde vai veranear Franco. Mais a dignidade é teimuda, e hoxe é a familia do xenocida a desafiuzada pola revolta que a semente de Josefa e Francisco avivou en Meirás.



Josefa Portela  
ARQUIVO CARLOS BABÍO

## O MOTIN DO ARSENAL FERROLÁN

Cen anos antes das revoltas agrarias, en 1810, **Antonia Alarcón** é condenada a morte e **Agustina García**, a *Castiñeira*, a prisión polo motín no Arsenal do Ferrol. Moitos salarios da vila, vinculados ao exército e ao naval, dependen das arcas estatais, minguadas pola guerra de Independencia, e coa indignación da fame un grupo maioritariamente feminino saca a golpes da súa casa o xeneral José Vargas e mátao. A cabeza de Antonia é inserida nunha pica.

## AS MULLERES AGRÚPANSE NA PROCURA DE DEREITOS

As mulleres constitúen agrupacións sectoriais no xurdir do movemento obreiro, máis necesitadas aínda de dereitos ca os homes por ser peores as súas condicións. Ao ir menos á escola, só acceden a postos pouco cualificados e, en colectivos como o das operarias da conserva, hai horarios aleatorios -marcados pola captura do peixe- e cóbrase polo producido, sen soldo fixo e sempre menor ca o do varón.

## ELES SON OS QUE MANDAN

A afiliación sindical na costa é maior ca no interior. En 1909, as estibadoras ferrolás forman un colectivo ao que seguirán logo o das minas de Lousame ou o das obras das estradas de Negreira. Mais a pesar de ser colectivos femininos en poucos gobernan elas: A naronesa **Amalia Fraguela** no grupo anarquista La Antorcha e no Ferrol, **Josefa Martínez** as augadeiras e **Amparo Fojo**, as estibadoras, tamén pioneiras en enviar unha operaria a negociar co patrón.



Estibadoras portuarias  
ARQUIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA



Amalia Fraguela  
ARQUIVO DE ELISEO FERNÁNDEZ

*Será cortada e dividida a súa cabeza dos ombreiros por man do executor de xustiza e metida nun caixón de madeira que será conducido ata a vila de Ferrol. Xa alí porase a cabeza nun pau, coa súa alcaiatá fronte á porta do dique de Ferrol para que este exemplar castigo sirva a outros de moderación e emenda nos seus delitos*

## FRAGMENTO DA SENTENZA DE ANTONIA ALARCÓN

### INTENTANDO TOMAR A PALABRA

A medida que se sindican, os colectivos femininos van dando entrada a homes -fogoneiros, administrativos, mecánicos- que ademais de presidir son os que toman a palabra nas asembleas. A cigarreira **Josefa López** é a única muller que fala no congreso estatal da CNT de 1919 e é tal o impacto, recollido pola prensa madrileña, que ningunha outra galega asiste aos que hai entre 1931 e 1936. Entre as oradoras pioneiras, **Avelina Fernández**, que en 1923 arenga as cigarreiras a afiliarse, ou a xastra ferrolá **Concepción Miranda**, que dá mitins na folga de consumos de 1901, na que tamén houbo vítimas femininas.



Mesmo nos colectivos femininos eran os homes os que lideraban  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO

### AS CIGARREIRAS BOTAN FUME

As cigarreiras coruñesas son un importante referente do sindicalismo feminino. Cando en 1916 crean a Unión Tabacaleira xa levaban décadas mobilizándose. O 3 de marzo de 1831 máis de dúas mil mulleres, lideradas por **Sabela Abad** e **Vicenta Álvarez** concéntranse coas familias ante a fábrica da Palloza en protesta pola redución do salario que provoca a perda de carga de traballo, e polo xeito de organizar este. Logo marchan pola vila. Folguistas como **Antonia Araújo**, **Josefa González**, **María Cortés**, **María Cañas** ou **Antonia Cervigón** serán detidas e moitas permanecerán fuxidas ata que as indulta **María Cristina**, a raíña rexente.



Preparación do interior das farías  
ARQUIVO ANA ROMERO

### CONTRA AS NOVAS MÁQUINAS QUE LLES QUITAN TRABALLO

Unha nova mobilización de cigarreiras en 1857 remata coa destrución de parte da produción e das novas máquinas da empresa, que lles quitan traballo. O exército toma a fábrica e vinte e dúas operarias son xulgadas, mais a súa loita remata con éxito. A Palloza descarta a tecnoloxía e fai unha contratación masiva de man de obra feminina. No século XX a loita esténdese a outros sectores como as tecedeiras, en folga en 1908. E en Compostela hai moita afiliación feminina ao sindicalismo católico.



Empaquetadoras da fábrica de tabacos coruñesa  
ARQUIVO ANA ROMERO

# As orixes da loita

## SEN APOIO NA LOITA

A chegada da II República supón un pulo fundamental na implicación sindical das mulleres, que seguen pagando as consecuencias da súa loita. Mentres pelexan polos seus dereitos, elas apoian as reivindicacións masculinas, pero non logran reciprocidade. Os varóns boicotean a súa presenza nas fábricas, acúsanos de competencia desleal por cobrar menos e esixen aumentos nos seus salarios para que as súas compañeiras só traballen na casa. Moitos dos dereitos femininos vincúlanse á maternidade: son melloras para preñadas e parturientes. Hai sectores que mesmo prohiben o emprego feminino para evitar o paro deles, que copan os postos mellor pagados.

## PRESAS NO TEMPO REPUBLICANO

No período republicano non desaparecen as detencións de mulleres que se mobilizan polos seus dereitos laborais. En 1932 apresan por solidarizarse coa folga do Ferrol a **Rosalía Alonso**, **Isolina Sousa** e **Josefa Prado**, que das malleiras ten que ficar quince días na cama. E a ribeirense **Manuela Núñez** é detida e multada con 1.000 pesetas en 1934, durante a folga da conserva.



Traballadoras galegas manipulando peixe  
A MEMORIA DAS MULLERES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

## A REPRESIÓN FRANQUISTA CONTRA AS SINDICALISTAS

A máis fonda represión contra as sindicalistas chega a partir de xullo de 1936. As mulleres perden a guerra, como colectivo, porque a ditadura destrúe os seus avances en participación e dereitos, mais algunhas, como a uxetista ferrolá **Josefa Gómez Mera**, perden a vida. Asasinana tras ser acusada de usar obreiras como furrieis do buque *España*. A cenetista coruñesa **Basilisa Álvarez**, a *Corales* vese obrigada a deambular polos montes e vilas vivindo da caridade durante máis de un ano, logo de producirse unha redada na súa casa, onde agochaba varios compañeiros. Condénana a 20 anos e ao saír é acollida pola tamén anarquista **Consuelo Meitín**, sentenciada a 12.



Consuelo Meitín e Basilisa Álvarez "A Corales"  
FONDO ELISEO FERNÁNDEZ.  
NOMESEVOCES.NET  
(GRUPO HISTAGRA)

## PERDERON OS COMPAÑEIVOS PERO NON OS IDEAIS

A anarquista oscense **Sebastina Vitales Gascón**, a *Bastiana*, dedícase ao estraperlo e a vender froita nas minas de wolframio de Agualada, en Coristanco, tras perder o seu home, Francisco Ballón Pequeño. Detida por axudar a sindicalistas fuxidos, en 1954 marcha a Venezuela. Tamén é acubillo **Teresa Novellet**, xa denunciada en 1920 por participar na folga da estiba do porto coruñés. Viúva do dirixente do PCE e a UGT Aniceto San José, é condenada a 20 anos pola tentativa de fuga do boniteiro *Explorador* e, cando acada a liberdade, multada por desobedecer á autoridade.



Sebastina Vitales Gastón  
FONDO DIONISIO PEREIRA NOMESEVOCES.NET  
(GRUPO HISTAGRA)

## A LOITA TEIMUDA DE JOAQUINA DORADO

A represión sindical segue toda a ditadura. A coruñesa **Joaquina Dorado Pita** é un exemplo. Con 17 anos trasládase a Barcelona e milita no anarquismo. Participante activa na defensa da cidade tras o golpe, co remate da guerra intenta cruzar a pé a fronteira pero é descuberta e torturada. Socórrenla uns compañeiros e chega a Francia, onde pasa por varios campos de internamento ata alcanzar Toulouse en 1940. Axiña reorganiza as Juventudes Libertarias e regresa a España a batallar contra a ditadura. En 1948 é detida, de novo torturada, e pasa varios anos no cárcere. Nunca abandona a loita.



Joaquina Dorado Pita  
ARQUIVO DE ELISEO FERNÁNDEZ

# A represión do movemento obreiro

## A INCORPORACIÓN DA MULLER Á VIDA POLÍTICA

O século XX é o da incursión das mulleres na política. Nos motivos de subsistencia hai xa implicación de colectivos como o Grupo Femenino Socialista do Ferrol, con **Amalia Vergara**, **América Ruiz** ou **Josefina Neira Fernández**, que participa nun mitin de 1918 e é procesada por escribir artigos sobre loita social e dereitos femininos. Nos anos vinte, o colectivo esvaece para reaparecer na II República da man de **Toribia Iriarte** ou **María Abella Castro**, veciña de Ares asasinada en setembro de 1936 aos 40 anos. Entre as pioneiras coruñasas están **Trinidad Villalón**, vogal do Partido Radical-Socialista; **Carmen Ginés** e **América Muñiz**, de Izquierda Republicana; ou **Elvira Pazos**, **Esperanza Carballido** e **Matilde de la Torre**, do PSOE.



Unha manifestación obreira  
ARQUIVO RAMÓN ERMIDA

## UNHA REVOLUCIÓN POUQUO IGUALITARIA

Como no sindicalismo, as mulleres incorporáranse á política en situación de inferioridade. Os partidos republicanos da esquerda burguesa apenas acollen familiares dos dirixentes. Nos obreiros, o feminismo está por debaixo da loita de clases. O PCE pensa que destruír o capitalismo vains liberar tamén a elas e non lle ve sentido a unha loita diferenciada.



Coa chegada do século XX as mulleres participan na vida política e sindical  
ARQUIVO A MEMORIA DAS MULLERES DO CONCELO DE PONTEVEDRA

*O home revolucionario que hoxe loita pola súa liberdade só combate contra o mundo exterior. A muller revolucionaria, en cambio, ten que loitar en dous terreos: pola súa liberdade exterior, onde ten o home de aliado polos mesmos ideais, e pola súa propia liberdade interior, da que o home goza xa desde hai séculos. E, nesta loita, a muller está soa*

*PENSAMENTO RECOLLIDO NA REVISTA ANARQUISTA "MUJERES LIBRES"*

## A POLÍTICA DA IGREXA

Sectores católicos alentan desde comezos de século a mobilización feminina para contrarrestar os avances do movemento obreiro, pero opóñense á igualdade co varón. A dereitista CEDA é quen mellor canaliza a súa participación en defensa de Deus, xustiza, familia e propiedade mais con límites claros: "A muller polo seu espírito e sentimentalismo un pouco esaxerado, na meirande parte contrario ao espírito de xustiza, serenidade e fortaleza que esixe o seu desenvolvemento, non está en condicións de ocupar cargos públicos", di Gil Robles. A Falange cre que a muller é máis apta para as tarefas do fogar e os cuidados, e o home para o traballo, a creación e a loita.



A dereita mobilizou as mulleres pero non fomentou a igualdade  
ARQUIVO J. PINTOS DO MUSEO DE PONTEVEDRA

## AS PIONEIRAS NO GALEGUISMO

A primeira agrupación feminina do Partido Galeguista aparece na Coruña en 1932, pero haberá que agardar dous anos para que a súa secretaria, **Mercedes Docampo**, se converta na primeira muller que fala nunha asemblea. As estradenses **María Pereira Rial** e **Maruxa e Isaura Calvo** son as pioneiras en formar parte do PG. É imprescindible tamén facer mención á Agrupación Republicana Feminina, que funciona con incansábel actividade na Coruña nos tres últimos anos da II República en Galiza.



Visita da Agrupación Republicana Feminina a Santiago. Recepción no Concello polo alcalde, Ánxel Casal  
FONDO ELVIRA VARELA. NOMESEVOCES.NET (GRUPO HISTAGRA)

# Pioneiras da política

## AS PRIMEIRAS ALCALDESAS

A II República é, malia as trabas, un tempo de pioneiros avances para as mulleres. Apróbase o dereito universal ao voto, que xa na ditadura de Primo de Rivera exercen en comicios municipais as maiores de 23 anos que estean emancipadas de pai ou esposo, agás prostitutas. O sufraxio pasivo permite que Portas teña en 1925 a primeira alcaldesa de Galiza: a mestra **Concepción Pérez Iglesias**. Cando se produce o golpe de Estado, só un concello, A Caniza, é liderado por unha muller, **María Gómez González**, de Izquierda Republicana. Condénana a morte, logo conmutada por cadea perpetua.




A primeira alcaldesa galega foi Concepción Pérez, do Concello de Portas  
ARQUIVO CONCELLO DE PORTAS



María Gómez, en primeiro plano, coa viguesa Urania Mella no cárcere de Saturrarán  
ARQUIVO RAÚL SOLLEIRO

## AS PRIMEIRAS DEPUTADAS

O dereito a ser electas posibilita que a madrileña **Clara Campoamor** sexa deputada do Partido Republicano Radical nas Cortes de 1931, e o seu papel é clave para aprobar o 1 de outubro o voto universal feminino. Tamén son deputadas **Victoria Kent**, do Partido Republicano Radical Socialista, e mais **Margarita Nelken**, do PSOE. Ese ano opta ao hemiciclo polo Partido Radical Agrario a canguesa **Concepción Alfaya López**, e en 1933 a viguesa **Amalia Figueroa Barros** polo PC, pero non logran escano.



Clara Campoamor e outros políticos como Amancio Caamaño, que presidiu a Deputación de Pontevedra  
ARQUIVO FAMILIA CAAMAÑO. A MEMORIA DAS MULLERES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

## EXERCENDO O DEREITO AO VOTO

A primeira vez que todas as mulleres poden votar é nas municipais do 23 de abril de 1933. A última vez que o farán as galegas daquel tempo será no plebiscito do Estatuto. **María Miramontes**, que traballara a reo polo si, vai a Madrid coa delegación que o entrega nas Cortes. Pioneira das Irmandades da Fala, marchará ao exilio tras o asasinato do seu home, Ánxel Casal, alcalde compostelán.



Mulleres votando o 18 de febreiro de 1936  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO



María Miramontes na entrega do estatuto en Madrid  
NOMEVOCES.NET (GRUPO HISTAGRA)

## TODAS SON VÍTIMAS

Todas as mulleres son vítimas da ditadura. Para o franquismo non son cidadás con dereitos, son menores de idade necesitadas da tutela permanente dun varón. A súa única misión na vida é ser nais e esposas. Xa antes de que remate o conflito bélico, en 1938, derrógase a igualdade entre cónxuxes que aprobara a II República e recupérase a licenza marital, que vai obrigar ás mulleres a conseguir permiso do marido para saír do país, vender unha herdanza, obter o permiso de conducir e ata mercar unha xoia.



Pilar Primo de Rivera nunha visita a Pontevedra  
MUSEO DE PONTEVEDRA

*Todos los días deberíamos de dar gracias a Dios por habernos privado a la mayoría de las mujeres del don de la palabra, porque si lo tuviéramos, quién sabe si caeríamos en la vanidad de exhibirlo en las plazas*  
**PILAR PRIMO DE RIVERA**

# Non te metas en política

Sinaladas, provincia da Coruña x x x x x x x x x x x x x x x x x x

## UNHA SACA CON CINCO FERROLÁS

O día 20 de setembro de 1936, apenas dous meses após o golpe de Estado que derrocou a II República, ten lugar no Ferrol unha saca con vinte vítimas mortais, e cinco delas son mulleres: **Dolores Mosquera, Josefa Freire, Mérida Jiménez, Concepción Montouto** e a militante do Grupo Femenino Socialista, **María Otero**.



Amparo López Jean  
ARQUIVO FAMILIAR

## A MILITANCIA GALEGUISTA DE AMPARO LÓPEZ JEAN

Nacida en Culleredo, **Amparo López Jean** é a primeira muller que milita no PG coruñés. Secretaria e logo presidenta da Agrupación Republicana Feminina, en xullo de 1936 está en Soria, onde o home, César Alvajar, é gobernador civil. Coa filla pequena, **Teresa**, van a Valencia, Madrid, e Barcelona onde Amparo é secretaria xeral do Grupo de Mulleres Galeguistas e vogal do PG. A derrota sepáraa momentaneamente da descendencia e cruza a fronteira cun grupo de crianzas. Morre en Moutauban en 1942.



Retrato de Teresa Alvajar  
ARQUIVO FAMILIAR

## OS GOLPES QUE NON DOBREGAN A ISABEL RÍOS

**Isabel Ríos Lazcano**, sindicalista e secretaria do PCE de Curtis, é levada ao cárcere de Compostela e condenada á pena de morte co seu home, o médico Manuel Calvelo. A el fusílanlo e a ela trócanlle o fusilamento por cadea perpetua. Presa en Betanzos e Saturrarán sae en 1943 e, logo de loitar un tempo contra a ditadura, marcha ao exilio. Tras o golpe de Onganía na Arxentina e o de Pinochet en Chile vive en Perú e pouco antes de morrer Franco regresa para unha estadía que será definitiva.



Isabel Ríos co seu compañeiro Calvelo, nunha foto no patio do cárcere de Santiago o 25 de decembro  
ARQUIVO MANUEL CALVELO

## O ASASINATO DE JUANA CAPDEVIELLE

**Juana Capdevielle San Martín** é asasinada na lucense Rábade no verán de 1936. A bibliotecaria chegara ese mesmo abril a Galiza desde o seu Madrid natal co home, Francisco Pérez Carballo, nomeado gobernador civil da Coruña. O día 14 comparten tribuna co alcalde, Alfredo Suárez Ferrín, e os xenerais Enrique Salcedo Molinuevo e Rogelio Caridad Pita. Os catro, máximos representantes civís e militares, son tamén asasinados.



Juana Capdevielle  
ARQUIVO CARMEN BLANCO



Juana Capdevielle no medio do seu home e Molinuevo. O alcalde, á esquerda da imaxe, e Caridad Pita, detrás dela, tamén foron asasinados  
FONDO SUÁREZ FERRÍN. NOMESEVOCES.NET (GRUPO HISTAGRA)

# Perseguidas con saña

Sinaladas, provincia da Coruña x x x x x x x x x x x x x x x x x x

## ATRASO NAS AULAS

No inicio do século XX, o noso sistema educativo é dos máis atrasados de Europa. O ensino está en mans da Igrexa polo concordato borbónico de 1851, e son graves as deficiencias nas aulas e as carencias en recursos didácticos, bibliotecas e formación do profesorado. Non saben ler nin escribir sete de cada dez galegos nin nove de cada dez galegas.



Escola dos albores do século XX  
ARQUIVO A MEMORIA DAS MULLERES DO  
CONCELLO DE PONTEVEDRA

## AS ESCOLAS DO INSIÑO GALEGO

No final do XIX xorden xa iniciativas innovadoras como as Escolas do Insiño Galego da Coruña. Nacidas en 1923, ao abeiro das nacionalistas Irmandades da Fala, imparten unha educación laica e fomentan as excursións ou a aprendizaxe de cantigas tradicionais galegas. Promóvenas Ánxel Casal e **María Miramontes**, responsábeis tamén da difusión do libro na nosa lingua coa editorial Nós. A mellora educativa conta ademais co apoio da emigración que envía cartas para crear e manter colexios nas vilas natais.

*Non lle abonda a Galicia que os seus fillos sepan ler i escribir. Galicia precisa que os seus fillos lean i escriban na súa fala para que a sintan, que estuden na súa xeografía para que a coñezan, e coñecendoa, quéirana*

EXTRACTO DUN ARTIGO DA NOSA TERRA NA INAUGURACIÓN DAS ESCOLAS DO INSIÑO GALEGO

## A INSTITUCIÓN LIBRE DE ENSEÑANZA

En 1876 créase a Institución Libre de Enseñanza (ILE), para responder sen trabas relixiosas, filosóficas ou políticas aos ataques á liberdade de cátedra do goberno da Restauración. Na orixe vincúlase ao krausismo, que ten a instrución feminina como sinal de identidade pero coa premisa errónea de que a muller ten menos capacidade intelectual e moral ca o home, e este debe redimila da súa ignorancia.



A instrución feminina era un dos sinais de identidade da ILE  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO

## COÑECEMENTO PARA TODAS AS IDADES

Coa chegada da II República, a Institución Libre de Enseñanza pon en marcha as Misións Pedagóxicas a fin de achegar a cultura a vilas e xentes sen acceso a ela. Galiza acolle a súa maior expedición, dirixida por Rafael Dieste, entre agosto e decembro de 1933. O ano seguinte volven a Pontevedra e ao Pindo, e a última estada é na ourensá Ramirás poucos días antes do golpe. Abríranse 79 bibliotecas na Coruña, 48 en Lugo, 123 en Ourense e 155 en Pontevedra.



Público nos monicreques das Misións Pedagóxicas durante o seu paso por Malpica  
ÁLBUM 'MALPICA EN FOTOS' DE XURXO ALFEIRÁN  
CEDIDO POLO AUTOR AO CONCELLO DE MALPICA

## A REPÚBLICA MANDA Á CLASE AS NENAS... E O PROFESORADO!

A aposta republicana polo ensino beneficia nomeadamente as nenas, que acudían menos cós nenos ás aulas por ter que axudar na casa. Garántelles o acceso de balde a todos os graos e habilita cantinas e roupeiros que liberen as familias con menos recursos de alimentalas e vestilas e así se animen a escolarizalas. Tamén crea colexios -1228 nos dous primeiros anos- e contrata máis docentes con mellores soldos, pero esíxelles máis preparación. "Urxía crear Escolas, pero urxía máis crear Mestres", recolle o limiar do decreto de 1931 que reforma as Escolas Normais, onde se forma o profesorado.



A mestra Domitila Portela coas súas alumnas en Marcón durante a II República  
ARQUIVO A MEMORIA DAS MULLERES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

## O SABER NAS AULAS E O REZO NOS TEMPLOS

A escola republicana é laica. Fronte ao concordato monárquico, a Constitución de 1931 recolle a radical separación entre Igrexa e Estado e prohibe os colexios de ordes relixiosas. Entende que a catequese debe darse nos templos e non nas aulas, das que afasta o crucifixo e os rezos. Non se impide dar relixión pero deixa de ser materia obrigada. O que prima non é o dogma senón a experimentación e o coñecemento.



Alumnado e profesorado posa con crianzas diante da Escola Normal de Pontevedra na II República  
ARQUIVO MUSEO DE PONTEVEDRA

# Encher as aulas de nenas

## ABRINDO CAMIÑO ÁS AULAS

O solpor do século XIX, ademais de alumear o camiño das nenas ás aulas, fai agromar iniciativas para dar continuidade á súa formación, aínda que daquela se limite a familias con cartos. Xa en 1870 nace a Asociación para la Enseñanza de la Mujer, coa que se vincula a mestra compostelá **Concepción Sáiz Otero**. O seu nome únese ao de **Emilia Pardo Bazán** e **Concepción Arenal** na defensa da igualdade e a crítica ao agravio comparativo que entre ambos os sexos se dá no ensino.



**Emilia Pardo Bazán**  
FOTO DE LOUIS SELLIER.  
ARQUIVO DA REAL ACADEMIA  
GALEGA CEDIDO POR MARILAR  
ALEIXANDRE

## A PERSECUCIÓN DAS PIONEIRAS


Tres anos está na Residencia de Señoritas **Olimpia Valencia**, primeira titulada en Medicina de Galiza. Valencia será detida en 1937 por encabezar un manifesto de apoio ás candidaturas galeguistas en 1931 e asinar outro a favor do Estatuto en 1936. E a coruñesa **María Barbeito**, integrante da Real Academia Galega e do Seminario de Estudos Galegos, é separada do servizo pola comisión depuradora do Maxisterio.



**María Barbeito Cerviño**  
ARQUIVO ANA ROMERO

## AS MULLERES PASAN DE CURSO

A presenza feminina está vetada en secundaria e nas facultades até 1910. De 1915 a 1925 triplicáanse no Estado as mulleres universitarias: de catro a doce de cada cen. Pero xa antes houbera pioneiras desobedecendo a norma. **Concepción Arenal** é a primeira. Vai ao campus vestida de home e, cando a descubren, fai un exame para lograr un permiso especial do decano. Matricúlase entre 1842 e 1845. Ten que pasar medio século para que llo autoricen á farmacéutica de Ribadeo **Manuela Barreiro Pico**, primeira galega en lograr o título do bacharelato e facer estudos na Universidade de Santiago (US).



**Concepción Arenal**  
FOTO CEDIDA POR MARILAR  
ALEIXANDRE



**Manuela Barreiro, primeira universitaria galega**  
FOTO CEDIDA POR MARÍA TERESA BARREIRO A  
MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GARCÍA

## A RESIDENCIA DE SEÑORITAS

Nun tempo de marcados condicionamentos sociais, é un enorme avance para as universitarias galegas que queren seguir cos estudos ou doutorarse, a apertura en Madrid, en 1915, da Residencia de Señoritas da ILE, similar á que tiñan os varóns. **Concepción Fernández-López, Carmen Pardo Losada, Paz Parada Pumar, Marina Peña-Rey Bouzas** ou a arquiteira coruñesa **Rosa Solórzano Rodríguez** son algunhas das residentes.



**Marina Peña, primeira pola dereita, nunha foto familiar.**  
ARQUIVO MANUEL PEÑA-REY



**Olimpia de moza, á dereita da imaxe, coa súa tía e a súa curmá na súa casa de Canido**  
ARQUIVO FAMILIA CUQUEJO CEDIDO POLO CONSELLO DA CULTURA  
GALEGA

## A IGREXA MARCA O PENSAMENTO

Tras o golpe, o ambiente libre, laico, de aposta pola coeducación da Institución Libre de Enseñanza muda pola misóxina idea franquista de que o único espazo idóneo para a muller é un fogar supeditado ao home e cheo de crianzas, no que seguir as pautas dunha Igrexa con férreos criterios sobre cal ten que ser a moralidade, o proceder e ata o pensamento adecuado para elas. O presente segue a pagar décadas de adoutramento.



**O franquismo volve colocar a Igrexa en todos os ciclos educativos**  
FOTO CEDIDA POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

# A chegada á universidade

## REIXAS PARA O ENSINO, BALAS PARA AS MESTRAS

O franquismo converte a escola libre nun dos principais inimigos a bater. Abre expedientes de depuración ao profesorado e afasta das aulas a quen non é afín. Non xulga a capacidade, só as ideas e, no caso das mestras, tamén a vida privada: se casa pola Igrexa, se pare de solteira, con quen anda ou, abofé, se vai ou non á misa. A ditadura ponlle reixas ao ensino e manda as nenas á casa pasar o ferro. Se non van á escola, non importa, e se van dan materias distintas aos nenos, a fin de converterse en boas nais e esposas. Ademais, asasina na Galiza as mestras **María Vázquez Suárez**, **Mercedes Romero Abella** e **Concepción González Mosquera**, cuxo cadáver é abandonado en Riazor.



Concepción González Mosquera, no medio da imaxe  
NOMESEVOCES.NET (GRUPO HISTAGRA)

## AS TEIMAS DA MESTRA DE MIÑO, MARÍA VÁZQUEZ

A mestra de Miño **María Vázquez Suárez** é unha das promotoras do PSOE local e unha das poucas mulleres que dá mitins na II República. Nas arengas abrollan sempre dúas teimas: os dereitos femininos e a loita porque accedan ao ensino as criaturas de familia humilde. Ningunha lle gusta ao franquismo. Mátana con saña o día 20 do primeiro agosto.



*Era tan mala, irascible y roja que hubieran de fusilarla en los primeros momentos los Nacionales por el peligro que constituía*  
**ANOTACIÓN INCLUIDA NO EXPEDIENTE DE DEPURACIÓN DE MARÍA VÁZQUEZ SUÁREZ**

María Vázquez Suárez  
ARQUIVO FAMILIAR

## A MORTE, O EXILIO DE MERCEDES



Mercedes Romero Abella  
NOMESEVOCES.NET  
(GRUPO HISTAGRA)

A **Mercedes Romero Abella**, presidenta do sindicato de ensino da UGT, rexístranlle a casa da escola de nenas de Monelos xa no 34. Logo deteñen o home, o tamén uxetista Francisco Mazariegos, e méteno no cárcere ata febreiro do 36. Co golpe é fusilado e Mercedes prepara os papeis para marchar coas crianzas a América. Non lle dá tempo. A memoria do pobo garda que a violan, a asasinan e, como a María, córtanlle os peitos.

## A DIGNIDADE INQUEBRANTÁBEL DE ELVIRA BAO

O franquismo detén ducias de mestras. Como a coruñesa **Elvira Bao Maceiras**. Militante do PG, tras varios meses na cela, os fascistas afástana das aulas e ela pecha o seu medo na casa. Mais cando lle din que a readmiten se pide perdón e renega dos ideais, ela sentencia: "Pedir perdón por que? É a min a quen teñen que pedir perdón".



Elvira Bao  
ARQUIVO DE ELVIRA VARELA BAO

## PEGADAS NA MEMORIA

Xunto ao corpo de Mercedes aparece, no Ponte da Castellana de Aranga, o seu mantón de loito cheo de sangue. A irmá de Francisco tírallo á cara aos gardas que non lle quixeran dar razón dela. En Miño, un falanxista achégase ás alumnas de **María Vázquez** e gábase do rastro dos seus zapatos enchoupados: "É o sangue da vosa mestra!". Pero máis fonda é a pegada que deixan elas.



María Vázquez coas nenas  
ARQUIVO FAMILIAR

## O DESTERRO DE CARMEN PARGA

A mestra galeguista **Carmen Parga Rodríguez** é separada do Maxisterio tras o golpe. En 1955, case vinte anos despois, revisan o seu expediente e deciden que pode volver ás aulas pero, ademais de inhabilitala para cargos directivos e de confianza, obrígana a exercer fóra da provincia durante cinco anos. O desterro é unha sanción comunmente aplicada a mulleres nacionalistas.



Carmen Parga  
ARQUIVO PARTICULAR

# As mestras que non teñen cabida no franquismo

**AS IRMANDIÑAS**

Na efervescencia cultural do albor do século XX nacen as Irmandades da Fala (IF) que poñen a difusión científica, literaria e artística ao servizo do país. A igualdade formal recóllese xa na primeira asemblea de novembro de 1918, pero elas non toman a palabra nin na constitución, ese mesmo ano, da agrupación feminina coruñesa. Na directiva que preside **Micaela Chao**, única muller na reunión fundacional das IF,



**Micaela Chao Maciñeira**, integrante das Irmandades da Fala

están **Elvira Bao, María Miramontes, Josefa Vázquez, Teresa Chao, María Balboa, María Hermitas López, Rosa Martínez, Avelina Fernández, Genoveva Casal, Avelina Sardina e Teresa Fernández.**

**O DEPORTE, FERRAMENTA LIBERADORA**

O deporte tamén é exemplo da liberdade que o século XX trae ás mulleres, máis ás de clase acomodada. Algunhas xa o practican no XIX pero o boom chega coa II República, que o promomociona tamén entre as de familia humilde, condicionadas pola conciliación co traballo e a crianza. Proliferan as seccións e clubs femininos e hai un grande auxe en modalidades como o hóckey, con equipos na Coruña ou Ferrol.



**Artigo sobre o auxe do hóckey feminino galego**  
ARQUIVO REVISTA AS

**MOITO TRABALLO ENTRE SOMBRAS**

A pesar da falta de visibilidade pública, as irmandiñas implícanse en actividades educativas e culturais como a xeira teatral do cadro de declamación, e tamén na vida política. Moitas acaban militando na Agrupación Republicana Femenina, pero xa en 1918 defenden os dereitos de Galiza en resposta a un manifesto centralista da Asociación Nacional de Mujeres Españolas. Tamén protestan polos asasinatos de Sofán ou elaboran un estudo estatístico no intento de mellorar os traballos e salarios das galegas.



**Cadro de declamación das Irmandades da Fala**  
ARQUIVO VÍCTOR CASAS  
NOMESEVOCES.NET (GRUPO HISTAGRA)

**A CIENCIA EN FEMININO**

O nacionalismo tamén está na orixe, en 1923, do Seminario de Estudos Galegos (SEG), que busca modernizar o país a través da investigación xeográfica, botánica, etnográfica, matemática ou artística. Mulleres como **Encarnación Fraga, Matilde Pondal, Inés Corral, Mercedes Vilabella, Emilia Álvarez** ou **Carmen Pardo** préstalle o seu apoio económico mais en trece anos apenas ten unha ducia de socias e só dúas, **Pura Lorenzana** e **Carmen Rey**, chegan a acudir a asembleas. Ningunha toma a palabra.



**Mulleres nunha actividade do SEG**  
ARQUIVO MUSEO DE PONTEVEDRA

**CARME SIERRA, PIONEIRA NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS**

A valguesa **Carmen Sierra** é a primeira muller admitida como socia do Seminario de Estudos Galegos en novembro de 1923, apenas un mes despois da súa creación, cando estudaba segundo curso de Historia, e tras coincidir o ano anterior con algún fundador como Filgueira Valverde ou Ramón Martínez López. Militante do PCE, en 1927 traslada o seu expediente a Madrid e tras o golpe está presa no cárcere de Ventas e é torturada. Non pode recoller o seu título ata 1953.



**Carmen Sierra foi parte do elenco do Lubicán de Cotarelo en 1924**  
ARQUIVO RAMÓN ERMIDA

**MARGOT SPONER, A ALEMÁ EXPERTA EN GALEGO**

En 1926, o SEG propón como socia á alemá **Margot Sponer**, especialista en textos medievais en catalán e na nosa lingua, na que publica varios artigos. Profesora de español na Universidade de Berlín, cando os nazis chegan ao poder expúlsana das aulas, milita na resistencia e, tras ser detida, morre confinada nun campo de concentración nazi.



**Margot Sponer**

**CULTURA PARA O POBO**

O colofón da efervescencia cultural do século XX chega na II República. Agrarismo, anarquismo e movemento obreiro crean Sociedades, Ateneos Libertarios e Casas do Pobo nas que agroman publicacións e actividades nun intento de construír unha sociedade máis libre canto máis instruída. O teatro, o canto, a arte, a literatura e mesmo o incipiente cine buscan achegar a cultura e o saber a todas as clases sociais, e non só, como ata agora, ás elites e á burguesía.



**Montaxe do escenario para o teatro de títeres**  
ÁLBUM 'MALPICA EN FOTOS' DE XURXO ALFEIRÁN  
CEDIDO POLO AUTOR AO CONCELLO DE MALPICA

**Facer cultura en defensa do país**



## A GALIZA DO ARCO DA VELLA

Antes das tebras do fascismo, a cultura alumea o país coas cores do arco da vella. É a Galiza da sen sombreiro **Maruxa Mallo**. Nacida en Viveiro, Ana María Gómez González é o prototipo do que estaba predestinada a ser a muller galega do século XX: transgresora, independente, enchoupada de cultura. Durante a II República vai a París cunha bolsa da JAE e o verán de 1936 atópaa pintando mulleres fortes, coma ela, no Bueu que tantos trazos lle inspirará logo, no exilio arxentino.



Maruxa Mallo  
FOTOGRAFÍA DE DIEGO ABAD DE SANTILLANA,  
INCLUÍDA NA GRAN ENCICLOPEDIA ARGENTINA

## A TRISTURA MUDA DE ANTONIA PARDO

Camilo Díaz Baliño é asasinado en Palas de Rei o 14 de agosto de 1936 e a súa viúva, a coruñesa **Antonia Pardo Méndez**, afúndese nas tebras grises. Fora declarada en 1918 "amiga das Irmandades da Fala" por colaborar co home na loita en prol do país, a lingua e a cultura compartida. Mais o fascismo arrebatáallelo, á Terra e a ela,

e non pode superalo.



Muda da dor, a familia política lévaa coa filla, **Mercedes Díaz Pardo**, á Coruña, e o fillo, Isaac, agóchase cun irmán do pai que, como Lolita, era afín ao bando golpista.

Antonia Pardo no día do seu casamento  
ARQUIVO DÍAZ PARDO

Cando miña nai escoitou que o seu home saíra da cadea perdeu o sentido e non o volveu a recobrar de todo nos dous anos que o sobreviviu  
**ISAAC DÍAZ PARDO**

## O TALENTO PARA A ARTE DE LOLITA DÍAZ BALIÑO

Tamén eran fortes, decididas, modernas, as mulleres que, cun estilo mestura de galeguismo e art decó, pinta a coruñesa **Lolita Díaz Baliño**, virtuosa do debuxo e a acuarela. Iníciase na fotografía pero axiña salta á pintura. Colabora en revistas como *Céltiga* ou *Mariñana* e tamén na editorial *Nós*. A súa adhesión á ditadura sálvaa da represión que desfai a familia do seu irmán Camilo. En 1938 entra na Real Academia Galega de Belas Artes con **María del Carmen Corredoyra**, tamén formada entre A Coruña e Madrid.



Lolita Díaz Baliño  
ARQUIVO DÍAZ PARDO



Aldeana, obra de Lolita Díaz Baliño  
ARQUIVO DÍAZ PARDO




Cartel realizado por Camilo Díaz Baliño, logo asasinado, para a campaña do Estatuto  
ARQUIVO DÍAZ PARDO



Antonia Pardo coa descendencia e o home, Camilo Díaz Baliño  
ARQUIVO DÍAZ PARDO

## OS TRAZOS LEAIS DE MIMINA

Tamén Isaac Díaz Pardo tivo unha leal compañeira, a pintora **Carmen Arias de Castro**. *Mimina* fora alumna e axudante nas clases de debuxo de **Lolita Díaz Baliño**, coa que se forma na Escola de Belas Artes de San Fernando. Alí namora de Isaac Díaz Pardo o que fai que o seu pai a obrigue a regresar á Coruña mais, firme na escolla, en 1945 casa con el e regresa a Madrid. A arte de *Mimina* vai ser clave no devir de Sargadelos.



Carmen Arias de Castro, *Mimina*  
ARQUIVO DÍAZ PARDO



Paisaxe, obra de Carmen Arias, *Mimina*  
ARQUIVO DÍAZ PARDO

# As cores que preceden o gris

Sinaladas, provincia da Coruña x x x x x x x x x x x x x x x x x x

## GOLPE AOS DEREITOS COLECTIVOS

No verán de 1936 o exército e a dereita fascista, co apoio do capital e a Igrexa, dan un golpe de Estado para acabar cos dereitos colectivos que o galeguismo, o agrarismo e o movemento obreiro socialista, comunista e anarquista afianzaran nos últimos anos. Son moitas as galegas que loitan para impedirille e por iso, os inimigos da República deixan vítimas femininas desde o inicio, máis nas vilas con arraigo da loita obreira.

**Cándida Lago Veiga** vai, co fillo da man, á celebración da vitoria republicana nas eleccións da véspera que mulleres e crianzas de Moaña fan o 13 de abril de 1931 armadas cunha guitarra e unha bandeira. Os gardas comezan a disparar e mátana. Ten 26 anos e deixa outra nena orfa.



Público asistente a un mitin da Pasionaria en Lavadores o 14 de outubro de 1935  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO

## AS VÍTIMAS DAS BARRICADAS

Nas barricadas perden a vida as viguesas **María Suárez** e **Dolores García**. En Lavadores **Concepción Pérez** e **Marina Rial**, de só 11 anos. Na resistencia da Coruña matan a **María Bello Paz**, e en Ribadeo **Rosalía Alonso Lastra** é alcanzada por un balazo cando está debruzada nunha ventá, igual que a boirense **Ramona Noal Maneiro**.

*(Houbo) galegas que, en tempos moi distintos aos actuáis, lles roubaron aos homes o papel de líderes sociais que reservaban en exclusividade para eles*

RAFAEL CID

## UNIDAS CONTRA O FASCIO

As galegas asócianse na defensa da República no Comité Local Pro Paz creado en 1932 en Ourense por **Isabel Torre**, **Agripina González** ou **Teresa Pardo**, na Juventud Estudiantil contra la Guerra y el Fascio, ou na Unión de Mulleres Antifascistas viguesas. A loita política e sindical segue a traer consecuencias. A portuguesa **Isolina Sousa** é detida no 33 por ter propaganda.



Mitin da Fronte Popular en prol do Estatuto  
J. PINTOS. ARQUIVO MUSEO DE PONTEVEDRA




O pobo defendeu nas rúas as libertades conseguidas  
J. PINTOS. ARQUIVO MUSEO DE PONTEVEDRA

## A DEFENSA DO FERROL

**Josefa Freire**, **Concepción Montouto**, **Dolores Mosquera** e a militante das Juventudes Socialistas Unificadas, **Milagros Nidáguila**, a **Batalla**, de 20 anos, son asasinadas por defender O Ferrol. Mozas acceden vestidas de enfermeiras ao buque *Cervera* onde se amotinan mariñeiros e civís. Tamén fusilan o 22 de agosto de 1936 a socialista **Josefa Gómez Mera**, directiva da sociedade de cargadoras da UGT. Ten dúas criaturas que quedan orfas de vez cando, dez días despois, lles matan o pai, Francisco Jiménez.

## O PARTO A MORTE DE AMADA

O triunfo do exército sublevado non pon fin á morte de mulleres. Ao contrario. A comunista **Amada García**, participante na defensa de Mugarodos, é fusilada o 27 de xaneiro de 1938, catro meses despois de parir un fillo. Con ela condenan a morte –logo conmutada- a **Elena Leira Leira**, de Pontedeume.



Amada García  
NOMESEVOCES.NET (GRUPO HISTAGRA)

## UNHA LOITA DESIGUAL

A II República remata en Galiza no mesmo xullo de 1936. Os golpistas axiña toman o poder e non hai no territorio un enfrontamento entre o seu bando e o exército republicano. Non hai guerra civil como tal, só represión, xenocidio. O pobo intenta defender o goberno pero a loita é desigual. Enfróntase nas rúas ao exército traidor con escopetas de cazar coellos, sachos, bombas feitas con latas de leite condensado... outras armas non tiña.



Os golpistas axiña tomaron Galiza  
FONDOS DA BIBLIOTECA NACIONAL DE ESPAÑA



Xente facendo o saúdo fascista  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO

# As que dan a batalla

## A RESISTENCIA, CONDENADA

A presenza das mulleres nas barricadas espalladas por Galiza nos apenas dez días que dura a resistencia ao golpe provoca numerosas detencións, aperturas de causas e durísimas condenas en parodias de consellos de guerra sen ningunha garantía legal, coa defensa exercida por militares afíns ao réxime e a sentenza decidida antes do seu inicio. Na Coruña, a uxetista **Isolina Corvelle Piñeiro** enfrenta unha condena a morte, logo conmutada, por alentar e fornecer as barricadas. Está en Surrarán ata 1943. **Brixida Quintáns** acaba no xulgado por transportar dinamita desde as minas de San Fins.



As mulleres loitaron por manter os dereitos políticos  
ARQUIVO ANTONIO NORES

*Para los estrategas, para los políticos, para los historiadores, todo está claro: hemos perdido la guerra; pero, humanamente, no estoy tan seguro... Quizá la hemos ganado*  
**ANTONIO MACHADO**

## BETANCEIRAS EN CADEA PERPETUA

**Carmen Romay Cortés** é condenada a cadea perpetua pola súa participación no asalto á casa do sacerdote durante o saqueo á igrexa dos Franciscanos de Betanzos, e **Carmen Vázquez Lage**, a *Melgacha*, por incitar a xente obreira a asaltar o cuartel local da Garda Civil. A terceira betanceira encausada pola resistencia é **Felicidade Rodríguez Medín**.

## NO EQUIPO DE LARGO CABALLERO

**Domilita Huete Rodríguez** vai da Coruña a Madrid cando o seu pai, Ángel, é destinado ao Estado Maior do exército republicano. Faille de secretaria, primeiro na constitución das compañías e o recrutamento de soldados do Cuartel de Montaña, e logo no equipo do presidente Largo Caballero. Coa derrota, Ángel Huete é detido e está preso ata 1946. Tilita volve coa familia a Madrid, e logo instálase en Ourense. Traballa en *La Región* e co tempo escribe as lembranzas da guerra, para que ninguén esqueza.




Foto familiar de Domilita co resto da descendencia de Ángel Huete  
ARQUIVO FAMILIAR

## MULLERES NAS MILICIAS GALEGAS

Co inicio da guerra civil, Castelao e Santiago Álvarez constitúen as Milicias Galegas, un rexemento republicano de compatriotas aos que o golpe sorprende na contorna de Madrid. Son, sobre todo, campesiños da sega de Castela, pero tamén hai mulleres que fan xeralmente labores de intendencia. **Esperanza Rodríguez** chega a ser detida co seu batallón pero logra fuxir e non volven prendela. Nos anos da guerra perde o home e tres criaturas e na ditadura fai labores de apoio á xente presa.



Esperanza Rodríguez, miliciana galega  
ARQUIVO BIBLIOTECA NACIONAL

## MARCIANA PIMENTEL, RESISTINDO EN MADRID

A **Marciana Pimentel** sorpréndea o golpe en Madrid, traballando coa súa irmá **Dolores** na casa dun coronel golpista. Perdido o salario, precisa as dez pesetas diarias que lle pagan nas milicias por facer tarefas de enfermeira, primeiro, e por traballar no taller e nas oficinas da división xunto a súa curmá **Eduvigis**, logo. Tras a guerra casa e o seu fogar madrileño convértese no acubillo de moitos galegos.



Marciana Pimentel  
ARQUIVO SANTIAGO ÁLVAREZ

# o prezo de resistir

Sinaladas, provincia da Coruña x x x x x x x x x x x x x x x x x x

## AGOCHADAS NO MONTE

Tronzada a feble resistencia das vilas contra o golpe, o monte tamén é acubillo para mulleres que foxen da barbarie. O expediente da coruñesa **Elisa Leiras Seijido** di que nos catro días que está cos fuxidos fai de lavandeira, cociñeira e ameaza cunha bomba de man a comercios e particulares de Mesoiro para obter comida. É condenada a cadea perpetua.



O golpe de Estado de 1936 triunfou axiña na Galiza  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO

*Hoxe non quero saber como te chamas, nin perguntar que foi da túa mocidade. Hoxe non quero máis que te lembrar de novo no cume máis antergo das mámoas proteitoras, ergueita, xurdia, forte, lanzal como ninguén*  
**LORENZO VARELA**

## A RESISTENCIA DE MANTERSE VIVA

Cos homes fuxidos, detidos ou asasinados, tamén é un acto de resistencia sobrevivir á fame, nun tempo en que os salarios masculinos son o principal sustento do fogar, e as familias de *rojos* fican marcadas e con dificultades para atopar traballo. Ducas de galegas, como **Carmen Casalderrey Dios**, van presas por dedicarse ao estraperlo para matar a fame. Carne cruza a raia de Portugal con café e azucre que logo vende nas feiras do Deza. Ten que manter as dúas criaturas que tivo con Albino Sánchez, *o Perrita*. Casaran na prisión de Pontevedra o 17 de abril de 1937, minutos antes de que a el o fusilasen.

A caridade substituíu a loita pola xustiza social  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO



## BATIDAS NO BARRIOS DAS ATOCHAS

Hai mulleres que se implican na resistencia posterior á vitoria golpista para evitar a represión contra os fuxidos cos que, ás veces, teñen vínculos familiares, e outras comparten a loita para manter o movemento obreiro. Na Coruña é vital o seu papel na reorganización da anarquista FAI. En xullo de 1937 asasinan no barrio coruñés de Monte Alto e Atochas **María Otero González** e **Alicia Dorado**, mentres **Marina Rey Sánchez**, **Aurora Miguélez Pena**, **Josefa Calvo Cortés** ou **Petra Fajardo Pita** cargan con duras penas de cárcere. Deran acubillo a fuxidos.

## BOICOT NA FÁBRICA

Boicotear as fábricas que subministran ao exército é a forma de resistencia que escollen **Francisca López Patiño** e a súa filla **Rosalía Flores López**, operarias de *La Primera Coruñesa*, mentres que as mozas **Ramona Cameselle**, **Paz Lama** e **Dolores Rodríguez** de *La Artística* gravan UHP en varias granadas Lafitte.



Algunhas operarias mantiveron a loita antifranquista  
ARQUIVO FAMILIA VIDAL

# Resistentes no tempo e na derrota



## O ACUBILLO DA RAIA

O traballo das redes de apoio femininas é especialmente intenso tanto na costa como nos concellos fronteirizos con Portugal. A mestra do Val de Limia, **Eudosa Lorenzo Diz**, e a súa familia protagonizan unha fuga de película. Marchan ao país veciño nos días do golpe, tras recibir o pai, Agustín, unha nota esixindo 50.000 pesetas para evitar represalias. Atopan acubillo nunha casa da aldea de Alagoa e permanecen nunha cova da ribeira do Laboreiro, á que chega a policía de Salazar en maio de 1938. Porén, determinan que non é unha persecución política e mudan a extradición por expulsión. O 11 de agosto a familia embarca rumbo a Casablanca e a partir de 1965 reside en Francia.



Eudosa Lorenzo Diz en 1936, antes do golpe fascista  
ARQUIVO CARLOS MORAIS



Eudosa é detida, xunto á súa familia, pola policía portuguesa  
ARQUIVO CARLOS MORAIS

## CHEGAR A BO PORTO

O exilio non sempre viaxa en grandes buques, tamén se inicia en barcos pesqueiros con maior ou menor éxito. A comunista **Carmen Miguel Agra** morre o 23 de abril de 1937 no intento de partir do porto do Berbés co home, Anxo Nogueira, e outros sete. Tras unha delación os gardas asolagan con auga fervendo a adega do bou *Eva* onde se atopan e para evitar a tortura quítanse a vida. Carmen deixa dúas orfas. Algunhas fugas como a do vapor *Arkale* na que participa **Sara Mandiá** son moi temperás. Embarcan o 21 de xullo do 36, cando dan por perdida a resistencia en Cariño. **Francisca López del Río** parte na lancha *Golondrina* xunto ao seu home, Ricardo Pérez Medín, ex alcalde de Miño, e sete máis. Tras tocar porto francés, entran en tren na Barcelona republicana e tras a derrota exílianse na Republica Dominicana. Tamén foxen en buque pesqueiro a noiense **Emerenciana Patiño Hermida** e o seu home, Manuel Figueroa.



Francisca López e Ricardo Pérez Medín, no exilio coa filla  
FUNDACIÓN LUÍS TILVE

Carmen Miguel Agra e Ángel Nogueira, dúas das vítimas do bou *Eva*  
ARQUIVO FAMILIAR

## A RUTA FALLIDA DA LANCHA SISARGAS

O apoio de mulleres, familia ou non de quen foxe, é tan imprescindible como perigoso. A cenetista **Emilia Pérez Pazos**, a *Machada*, organiza varias fugas. Mais a da lancha *Sisargas* na que o seu fillo Manuel partía da Coruña en febreiro de 1937 frústrase. A el mátanos e a ela condénana a 20 anos.



Emilia Pérez Pazos, a *Machada*  
ARQUIVO CELSO MILLEIRO

## A FUGA FRUSTRADA NO PORTIÑO

A Coruña, 3 de marzo de 1937. Máis de sesenta mozos van embarcar nos pesqueiros *Generoso* e *José Linares*, nunha fuga que organiza Despertar Marítimo da CNT, pero un grupo pérdese no camiño e a súa presenza a medianoite en Agra do Orzán pon en marcha un operativo da garda civil que converte o peirao do Portiño nunha trampa. Algúns tíranse ao mar e morren afogados. Outros agóchanse pero axiña os atopan. Case unha trintena son detidos para logo fusilar dezanove. Tamén deteñen enlaces como **Carmen Dalmau Pan**, que só tiña 17 anos.



Fuxidos no bou *Ramón*  
ARQUIVO ELISEO FERNÁNDEZ

## A TRAVESÍA AGRIDOCE DO RAMÓN DE ARES

Algunhas enlaces son detidas na investigación iniciada tras o éxito dunha fuga. A do bou *Ramón* de Ares o 20 de xullo de 1939 logra que vinte e sete homes cheguen a Francia, pero para ser recludos no campo de concentración de Argèles-sur-Mer. Encáusanse vinte e tres mulleres e condénase dúas: **Carmen Eiras Queijas** e **María Pazos Vázquez**.

# Fugas por terra e mar

## O ABANDONO DAS FORZAS ALIADAS

O golpe de Estado parte a Terra e un anaco fuxe do fascismo que asasina amizades e familia. A saída non é fácil. O exilio arrisca a vida en adegas de buques, foxe da policía salazarista ou é amoreado en campos franceses polo goberno colaboracionista de Vichy. Mais o peor dos transos chega en 1945. Tras unha vitoria das forzas aliadas que moitos combatentes republicanos axudan a lograr, o mundo esquece esta esquina de Europa e á Galiza exiliada non lle queda outra que seguir na batalla.



As forzas aliadas permitiron a continuidade do franquismo

FONDOS GRÁFICOS DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

## A GALIZA MEXICANA DE CHONCHA COMESAÑA

**Ascensión Concheiro García**, nacida en Ordes pero residente en Tui á volta do exilio, casa por poderes co médico Francisco Comesaña tras ser condenado a morte. O pasaporte cubano fai que lle conmuten a pena por cárcere e tras acadar a liberdade en 1944, viaxan a México onde *Choncha Comesaña*, como é coñecida, se implica na asociación de mulleres Mariana Pineda e no Padroado da Cultura Galega.



Choncha Comesaña –no centro da imaxe– no *Marqués de Comillas*


ARQUIVO CARME VIDAL

## A MÚSICA COMO LEGADO DAS RAÍCES

A **Jacinta Landa Vaz**, fundadora e directora en Madrid da Escuela Plurilingüe ligada á Institución Libre de Enseñanza, o golpe de Estado cóllea en Galiza, onde tamén veranea un grupo de crianzas de familias da ILE, ás que acubilla na finca familiar do seu defunto home, Xohán Vicente Viqueira, en Vixoi (Bergondo). O goberno republicano fai un troco con Burgos, co cuartel de Franco, e Jacinta parte con elas na primavera do 37 para entrar desde Francia en zona republicana. Tras a derrota vive na URSS e México, onde traballa de mestra e pon en marcha un proxecto fermoso: recolle o legado sonoro da Galiza, Portugal e Estremadura e déixallo á descendencia como quen dá un esgallo: para non perder as raíces.



Documentación de Jacinta Landa  
ARQUIVO JOSÉ LUIS DOPICO



Jacinta Landa e o seu home, Xohán Vicente Viqueira  
ARQUIVO JOSÉ LUIS DOPICO



Documentación da descendencia de Jacinta Landa  
ARQUIVO JOSÉ LUIS DOPICO

## A XENÉTICA DIGNA DA FAMILIA LANDA

A represión cébase coas familias implicadas nos avances republicanos. O home de **Aida Landa Vaz**, Florencio Villa Pérez, é asasinado na praza de touros de Badaxoz no verán de 1936. En setembro de 1942, **Matilde Landa Vaz**, militante da agrupación comunista e feminista Mujeres contra la Guerra y el Fascismo, quítase a vida no cárcere para non bautizarse como lle esixe o réxime a cambio de mellorar as condicións doutras reclusas. A filla da súa irmá Jacinta, **Luisa Viqueira Landa**, é mestra na URSS de crianzas evacuadas. Militante do PCE, en México integra a Unión de Mujeres Españolas Mariana Pineda, é unha das impulsoras do Padroado da Cultura Galega e co tempo participa na fundación da Unión do Pobo Galego (UPG). Tamén se exilia na URSS a coruñesa **Amparo Pena Seijido**.



Luisa Viqueira Landa, á esquerda, con amizades durante o eclipse solar de 1940  
ARQUIVO A.C. VAGALUMES

*Os enxebres amadores de Galiza non podemos nin debemos afrouxar. Moitos ou poucos temos a obriga de seguir na loita*

VIRXINIA PEREIRA

# O exilio da Galiza que puido ser



## TEMPO DE RESISTENCIA

Todas as mulleres antifranquistas precisan ser rescatadas do esquecemento, mais se a alguén lles debe especial reparación a Historia é ás guerrilleiras, descualificadas durante décadas como "bandoleiras", "putas de rojos", por formar parte da resistencia armada contra a ditadura que sucede á derrota republicana. Ducias de mulleres pagan co seu corpo, a súa liberdade e mesmo a súa vida, a negativa a asumir a barbarie do fascismo.

## MULLERES COMBATIVAS

A unión da resistencia galega cos ex combatentes da Fronte Norte dá lugar en 1942 á creación da Federación de Guerrillas León-Galicia. A pesar da reticencia dos dirixentes, hai mulleres que se unen ás partidas do monte tras ser descubertas como enlace. Acostuman facer tarefas de intendencia pero algunha hai que toma as armas. **Marita Gallego Abeledo** chega a ser comisaria política da guerrilla, na IV Agrupación.



Marita Gallego Abeledo co home  
ARQUIVO AURORA MARCO

## Á CAZA DAS GUERRILLEIRAS

A persecución da guerrilla dura décadas e non ten medida. Son moitas as mulleres asasinadas. O 5 de marzo de 1949, a Garda Civil descubre en Zas, Negreira, a oleirense **Carmen Temprano Salorio**, da IV Agrupación. Na refrega recibe un disparo mortal e é rematada polo seu compañeiro, José María Castelo. A dona do acubillo, **Carmen Teiga Rojo**, é condenada a quince anos; a súa sobriña, **Agustina Teiga**, a cinco e a irmá desta, **Manuela Teiga**, que fuxira coa partida, abatida esa tarde en Paramos, no Val de Dubra. **Celia González Pernas**, **Celia da Ferraría** e **Josefa Escourido Cobo**, a **Lúa** caen nunha batida en Silán (Muras) en xuño de 1949, estando Celia embarazada de oito meses.



A garda civil facía fotos dos cadáveres para amosar a súa loita coa guerrilla. Na imaxe a de **Celia da Ferraría**  
ARQUIVO RAMÓN ERMIDA



Ficha policial da guerrilla na que aparece **Carmen Temprano**  
ARQUIVO RAMÓN ERMIDA

## O CARRIÑO DE ENRIQUETA

A militante do PC **Enriqueta Otero Blanco**, mestra en Castroverde (Lugo) loita na guerra en Madrid e é detida durante o golpe do coronel Casado que precipita a fin do bando republicano. Enriqueta protagoniza un motín para manter a resistencia, e tras a derrota é encerrada nas Salesas e nas Ventas. Porén, logra fuxir e volve á Galiza para unirse á partida dos guerrilleiros *Foucellas* e *O Piloto*. En 1946 é ferida, torturada e só a presión internacional logra que lle comuten a pena de morte por 30 anos. En 1966 volve á súa aldea e como lle impiden ser mestra, monta o seu propio proxecto cultural, *O Carriño*. "Guerrilla non é sinónimo de violencia nin daquel bandolerismo que pintaron de brocha gorda. Foi un idealismo feroz, ética pura e romanticismo; ao maquis español débelle moito a democracia mundial e é preciso que as novas xeracións saiban que a liberdade en España non naceu por xeración espontánea", explicou logo, nunha entrevista.




Enriqueta Otero  
NOMESEVOCES.NET (GRUPO HISTAGRA)



Enriqueta Otero  
ARQUIVO PARTICULAR

O réxime dicía que eramos as concubinas dos maquis cando a realidade é que sen as mulleres sería imposíbel manter a guerrilla **ESPERANZA MARTÍNEZ, GUERRILLEIRA DO SECTOR DE LEVANTE E ARAGÓN**



Familia de Soulecín  
ARQUIVO PARTICULAR DE AURORA MARCO

## O CRIME DE SOULECÍN

A guerrilla ten un campamento no val de Casaio, na comarca de Valdeorras. Na Cidade da Selva están as bercianas **Alida González**, *la Penca*; **Alberta Viñales**, *a Chata* e **Alpidia García**, *Maruxa*; e as irmás de Soulecín, **Consuelo** e **Antonia Rodríguez López**. Fanse enlaces cando a Lexión executa en 1939 a nai, **Amparo López Ojea** e o pai, Domingo Rodríguez. Logo de pasar por celas e torturas, no 45 descóbrenas e foxen ao monte. Catro dos seus cinco irmáns, guerrilleiros, e o compañeiro de Chelo, Arcadio Ríos, son asasinados. Toña exíliase en Francia en outubro de 1948 e uns meses despois faino Chelo.

# As putas dos rojos

## O SERVICIO DE INFORMACIÓN REPUBLICANA

O papel das mulleres é fundamental para a supervivencia da guerrilla galega. A estrutura homóloga á Federación para os enlaces é o Servicio de Información Republicana, o SIR. Na chaira expónse a vida o mesmo ca no monte, ou máis: non levan armas e conviven a diario cos gardas, que teñan en acabar coa resistencia armada. Non hai piedade para elas. Axudar ás partidas, ben por ter familiares ou simpatía pola causa, é castigado con malleiras, vexacións, cárceres e morte.



Chelo e Toña Rodríguez, do SIR e guerrilleiras, xa en Francia, con outras persoas exiliadas  
ARQUIVO SANTIAGO MACÍAS

*Non houbo delinquentes no monte nin nas gabias. Tampouco eran bandoleiros nin os malos da película, como pintaron os vencedores. Este treito histórico permanece agochado non para a xente do pasado, senón para a xente do futuro*

*QUICO MARTÍNEZ, GUERRILLEIRO ANTIFRANQUISTA*

## CRIADAS DO INIMIGO

A **Olimpia Barcia Fernández**, irmá do resistente Amador Barcia, Xicos, séguena molestando cando sae da cadea. Os gardas civís chegan de madrugada a Regüela, en Cabanas, e ten que erguerse, facer a cea e poñerlle sabas e mantas para durmir. Cada vez que lles dá a gana. Tamén é detida a muller de Xicos, **Maruja Vilar Pereira**.



Olimpia Barcia en 2006  
ARQUIVO AURORA MARCO

## A CAÍDA DE COLUMBRIANOS

A redada do 5 de xuño de 1945 na casa de **Catalina Martínez Núñez**, en Columbianos, é o principio da fin da guerrilla galego-leonesa. Ela é asasinada e atopan, no que era un dos principais apoios da Federación, moita información en clave que logran descifrar en xullo, iniciándose máis de 500 detencións. Procesan a enlaces do SIR, familiares e incluso a guerrilleiros xa presos ou mesmo mortos.

## PRESAS POLÍTICAS, NON TERRORISTAS

A presión internacional segue denunciando nos sesenta que hai enlaces da guerrilla en cárceres como o de Alcalá de Henares, con penas de entre 25 e 30 anos. O franquismo intenta abrirse a Europa e nega a existencia de presas políticas. Quere facelas pasar por presas comúns, por bandoleiras, por terroristas. Pero, de que lado estaba o terror?



A presenza de mulleres na guerrilla foi escasa pero tivo para elas dramáticas consecuencias  
ARQUIVO RAMÓN ERMIDA

## PERSEGUIDAS ATA A MORTE

A **Consuelo García Meixide** arréstana, tortúrana e mántana en febreiro de 1948 nunha campaña de presión sobre as persoas da comarca de Oroso que seguen a abastecer a guerrilla. A moza **Hortensia Mosquera** non sobrevive a unha malleira no cuartel de Mesía. **Manuela López Suárez**, de Carres (Cesuras), é fusilada por colaborar coa IV Agrupación. Tamén hai mulleres, como **Carmen Filgueiras Vázquez**, de Mugaros, que rematan no cárcere por colaborar coas partidas. Especialmente cruenta foi a represión contra as compañeiras dos guerrilleiros, como **María Blázquez del Pozo**, muller de José Gómez Gayoso, que estivo presa 17 anos.



Consuelo García Meixide  
ARQUIVO MANUEL PAZOS

## A LOITA SEGUE NO CÁRCERE

A loita seguiu na cadea. Hai mulleres da guerrilla galega na histórica folga de fame de 1949 no cárcere de Segovia. En 1959, circulan panfletos pedindo a súa liberdade e os presos políticos envían cartas de apoio á Federación de Mulleres Democráticas para que sirva como denuncia da opresión daquel réxime que quería abrirse a Europa.



Presas no cárcere de Segovia, entre elas galegas relacionadas coa guerrilla  
ARQUIVO AURORA MARCO


# Guerrilleiras na chaira

## AFASTAR O APOIO DA GUERRILLA

No intento de abafar as partidas do monte deixándoas sen apoio na chaira, moitas familias de guerrilleiros son afastadas dos seus fogares e obrigadas a vivir fóra de Galiza, nomeadamente a mediados dos anos corenta. O desterro aplícase sobre todo a mulleres pero tamén afecta a crianzas e anciáns. Ás veces vai acompañado da esixencia de residir nunha localidade concreta, que non sempre é a mesma para toda a familia.

## TECENDO REDES

A pesar da súa condena a cadea perpetua, Manuel Ponte sae en liberdade en 1941 e usa a súa xastrería de Ordes como tapadeira dunha rede da guerrilla, á que se suma en 1945. No 46 convértese en xefe militar da IV Agrupación e a presión sobre as mulleres que lle dan apoio aumenta. A detención da enlace **Carmen Balboa** provoca o arresto da súa compañeira **María del Carmen Rivas Vaamonde**, de **María Pérez Mellid**, casada con Benigno Andrade, **Foucellas**, e de **Pilar Sánchez Vázquez**, muller de Manuel Pena. As tres acabarán afastadas dos montes nos que resisten os seus compañeiros.



María del Carmen Rivas Vaamonde  
ARQUIVO MANUEL PAZOS

## O DESTERRO DA VIÚVEZ

Tras saír do cárcere, María del Carmen Rivas marcha a Compostela onde a comezos de 1947 volve ser detida. Tras estar dous días incomunicada nunha cela, lévana sen mediar explicación nin moito menos orde xudicial a Valladolid, onde é obrigada a residir separada da súa filla durante dous meses, ata maio. Xa lograran matar o seu home o 21 de abril. Á irmá del, **María Ponte** e unha curmá, **Soledad Ponte**, tamén acaban presas.

## NON VOLVER Á CASA

María Pérez Mellid non logra superar o desterro. Morre en Tordesillas en 1946. Ninguén lle vai ao enterro. A súa filla **Pepiña Andrade**, de dez anos, vai visitala na véspera e durme tirada no corredor do Hospital. Cando chega de volta a Galiza dinlle que xa morrera. María, a súa sogra **Francisca García Paz**, e a filla desta, **Consuelo Andrade**, son o maior apoio de Benigno Andrade, **Foucellas** durante os 16 anos que está no monte: desde 1936 ata a súa detención e asasinato con garrote vil en 1952.



María Pérez Mellid  
ARQUIVO MANUEL PAZOS

## CASADAS COA RESISTENCIA

Tamén son desterradas en Tordesillas, Pilar Sánchez Vázquez e a súa filla, **Ermitas Pena**. Manuel Pena, **Flores** é asasinado en 1949 na mesma batida que **Manuela Teiga** e **Carmen Temprano**. A familia do enlace Juan Penedo, que escapa ao monte tras unha redada, acaba en Águeda (Soria). A súa muller, **Carmen Villaverde Figueira** e a descendencia: **María**, **Elvira**, **Lola** e Manuel Penedo traballan servindo nunha pensión e no campo para saír adiante.

## MORTE NA NEVE

Logo de que en maio de 1948 o guerrilleiro José Remuiñán Barreiro, **Ricardito**, sobreviva con **Foucellas** a unha redada en Teo na que caen catro compañeiros, os gardas agravan a presión sobre a súa xente: deteñen a súa irmá **María**, de 24 anos, e meten a oito familiares nun camiión con destino a Burgos. A súa nai, **Antonia Barreiro Recousó**, é obrigada a vivir lonxe doutro dos fillos, Chinto, que ten unha discapacidade intelectual. Unha noite de inverno camiña quilómetros para velo e morre ao regreso na neve. Outro fillo, Andrés, casa alí coa burgalesa **Petra Ruiz Arroyo**, transmisora da historia familiar.



A burgalesa Petra Arroyo, transmisora da memoria da familia Remuiñán  
ARQUIVO MANUEL PAZOS

Nos cabelos brancos  
brilándolle a neve,  
a neve cubríndolle os ollos abertos, azúes,  
e morta.

A probe nai desterrada morta.  
Morta en Castela,  
lonxe da súa montaña

LUÍS SEOANE

# Desterradas

Sinaladas, provincia da Coruña x

## CASTIGOS SEXISTAS

O corpo da muller é, para os vencedores, campo de batalla, escenario no que amosar os seus acenos de forza, a humillación da derrota. Rapas, tatuaxes na pel, agresións sexuais, toma obrigada de laxantes, varrido de rúas, procesións de peladas coa bandeira franquista na guedella da burla, son algúns dos castigos que a misóxina ditadura aplica sobre as mulleres do bando vencido mentres a Igrexa, cómplice, fomenta a mestura entre delito e pecado.

## PARA QUE A HISTORIA NUNCA ESQUEZA

A rapa é o castigo máis común. Pelan centos de galegas, imposíbel facer contas. Os castigos sexistas non deixan rastro documental, apenas se fala na casa, e tampouco hai demasiadas imaxes. As vítimas séntense humilladas mais a vilagarcía **Juana Otero** pide que lle saquen unha foto ao volver do cuartel, para que a historia nunca esqueza o que lles fixeron. Rapáranla e tatuáranlle na fronte as siglas UHP, acrónimo de Uníos Hermanos Proletarios, berro de moitas manifestacións da esquerda. Outras veces márcanas coa cruz da Igrexa Católica.

## AS IMAXES DA RAPA

A memoria galega conserva outras imaxes da rapa: A que fixo a marinense **Elsa Omil** para o pasaporte co que fuxiu a USA aproveitando a dobre nacionalidade; a que sacou **Nieves Martínez** cando recuperou o pelo tras ser rapada con 17 anos por ser filla dun concelleiro desa mesma vila, e a da boirense **Encarna Silva**, tomada durante unha visita ao batallón de traballos forzados no que cumpría condena o seu mozo, o dirixente socialista Santiago Bazarra.

## DESHUMANIZAR AS ROJAS

A maioría das mulleres non son sinaladas pola súa ideoloxía, senón pola súa suposta carencia de pudor e moral. Todas as rojas son, por definición, putas, dexeneradas, a antítese da muller decente, e os vencedores poden facer con elas o que queiran. Deshumanizan as vencidas como paso previo a sometelas a toda sorte de abusos.



**Encarna Silva, á esquerda da imaxe, agocha baixo o sombreiro as marcas da rapa**  
ARQUIVO FAMILIAR CEDIDO POR A MEMORIA DAS MULLERES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA



**A vilagarcía Juana Otero pediu que lle quitasen esta foto logo da rapa para que a historia nunca esqueza o que lles fixeron**  
ARQUIVO FAMILIAR



**Elsa Omil Torres**  
NOMESEVOCES.  
NET (GRUPO HISTAGRA)



**Encarna Silva co seu home, Santiago Bazarra**  
ARQUIVO FAMILIAR CEDIDO POR A MEMORIA DAS MULLERES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA



**Nieves Martínez**  
ARQUIVO FAMILIAR

## AS QUE NON SEGUEN O GUIÓN FRANQUISTA

O franquismo castiga aquelas mulleres que non se axustan o seu misóxino patrón. Como a boticaria de Carnota, **Elena Piñeiro Castro**, primeira universitaria da bisbarra. Tras a sublevación organiza audicións de Radio Pirenaica na casa onde está a botica



**Elena Piñeiro**  
ARQUIVO JOSÉ PIÑEIRO CEDIDO POR VICTORIA RIVADULLA

pero é delatada e rápanlle o pelo na principal praza da vila. Ela e a empregada da casa, **María da Pelexa**, de Vilar de Parada, son constantemente acosadas polos falanxistas.

*A roxa era unha dexenerada e puta, non unha persoa e por iso podían exercer sobre ela todo tipo de violencia e vexacións con total impunidade*  
**RAQUEL OSBORNE**

## O DELITO DE ESTAR EMPARANTEDAS CON HOMES PERSEGUIDOS

As mulleres son, en numerosas ocasións, receptoras dos castigos previstos para os homes que fican fóra do alcance dos fascistas. Como lle pasou á familia do canteiro de Teo, Enrique Líster, oficial do exército republicano. Os seus irmáns Faustino e Constante son asasinados, Eduardo e Manuel foxen ao monte e **Manuela** e **Aurora** quedan soas na casa de Ameneiro, en Calo, que continuamente é violentada polos falanxistas. Elas son golpeadas, maltratadas para que digan o paradiro dos seus irmáns, mais resisten e convértense en apoio fundamental para os fuxidos.



**Aurora Líster co seu irmán Enrique**  
ARQUIVO FAMILIAR

# O corpo da muller, campo de batalla



## A DESCENDENCIA, FERRAMENTA PARA CASTIGAR A DISIDENCIA

A maternidade é outra ferramenta para castigar as vencidas. As mulleres republicanas son o oposto ao modelo de nai e esposa que introduce o franquismo e non hai reparos para despoxalas das súas criaturas, se é que seguen vivas: As durísimas condicións de cárceres como Saturrarán, destino de ducias de galegas, provoca a morte constante de menores que, de cumprir tres anos, teñen que separarse obrigatoriamente das nais.



O roubo de bebés foi unha constante durante o franquismo  
ARQUIVO MÁRQUEZ

## O ROUBO DE BEBÉS

A crueldade de afastar as rojas da súa descendencia en moitos casos para entregárllela a parellas afectas ao réxime ten continuidade durante todo o franquismo e ata ben entrada a democracia a través da trama do roubo de bebés. A forma de actuar é coñecida: dinlles ás parturientes que a criatura naceu morta, que non a poden ver, que xa lle fan alí o enterro. Se queren levala ao seu panteón, fálanlles de custos de traslado, de multas, de cifras imposíbeis para familias con escasos recursos, as favoritas da trama.



Apartar as nais da súa descendencia foi un dos castigos máis crueis do franquismo  
ARQUIVO MÁRQUEZ

## CANDO URANIA MELLA PERDE A SÚA DESCENDENCIA

**Urania Mella**, tesoureira da Unión de Mulleres Antifascistas de Vigo, tiña dous nenos e dúas nenas que van vivir coa súa sogra logo do asasinato do home, Humberto Solleiro, e da súa propia condena a cadea perpetua. Os nenos xa van grandes pero as nenas son moi pequenas e durante anos incúlcanlles que a súa nai é mala, que lle metera ideas políticas na cabeza ao pai e por iso o mataran. Cando Urania sae do cárcere non pode recuperalas e marcha a Lugo vivir con **María Gómez**, alcaldesa da Caniza, presa en Saturrarán coma ela. Morre axiña, vítima dunha doenza contraída na cela, moi lonxe da súas nenas.



A viguesa Urania Mella foi afastada da descendencia  
ARQUIVO FAMILIAR

*Precisamos nais fortes e prolíficas que nos dean fillos sans e abundantes cos que levar a cabo os desexos de imperio da xuventude que morreu na guerra*  
**NORMAS PARA DELEGADAS PROVINCIAIS DO AUXILIO SOCIAL EN 1937**

## SEN REXISTROS DO LIMBO

Non é posíbel cuantificar o drama. Unha nena adoptada pescuda sobre as orixes e dá cunha nai que aínda conserva o certificado de defunción dun bebé que lle dixeran que era varón e nacera morto. Os casos espállanse por toda Galiza, nomeadamente entre os anos 50 e 80. En diferentes hospitais públicos e clínicas privadas. Con nais solteiras e tamén con parellas sen demasiados cartos. No primeiro parto ou tendo xa descendencia. Non hai patrón, só un nicho de negocio para o réxime e quen o herda.



A maternidade foi gabada e usada como arma ao mesmo tempo  
ARQUIVO PARTICULAR

## A FERTILIDADE ENTRE REXAS

A do franquismo é unha moral hipócrita. Nega a sexualidade das mulleres mentres abole a prohibición da prostitución que ditaminara a República. Ou loa ata a extenuación as bondades da maternidade mentres separa ás vencidas da súa descendencia e lembra con crueldade ás mozas présas que a condena de trinta anos vai podreecer entre as rexas a súa fertilidade.



A descendencia foi usada para castigar as mulleres desafectas ao réxime  
ARQUIVO ENGUIDANOS


# Malas nais

Sinaladas, provincia da Coruña x x x x x x x x x x x x x x x x x x

NOTA: Agás as fotos de mulleres identificadas polo seu nome, o resto son usadas como recurso sen que as protagonistas garden relación co tema.

## A MISOXINIA DAS SENTENZAS

O 12 de marzo de 1938, aínda en pleno conflito bélico, a ditadura aproba unha lei que recupera o Título IV do Libro I do Código Civil de 1889, derogado pola II República por ser claramente discriminatorio ao consagrar, como principio xeral, a discapacidade xurídica das mulleres. A linguaxe das sentenzas tamén establece diferenzas cara a elas, que son definidas como *Rojas, sujetas, individuos de dudosa moral pública y privada*. Non hai referencia á sexualidade dos homes mentres que todas as republicanas son "pecadoras". **Josefa Maroño Blanco, Antonia Pérez Miraz e María Pérez Miraz** son detidas en 1939 en Cabanas por dar acubillo aos seus mozos, que andan fuxidos. Os informes de Garda Civil e Falanxe alcuñan as de "putas" malia declarar que son as súas noivas formais. Ademais, denuncian que os gardas intentan obrigalas a manter relacións con eles baixo ameaza de detención. Pero son elas as condenadas a doce anos.



As mulleres estaban vixiadas pola Igrexa  
ARQUIVO PARTICULAR

## SEXO NON, PERO SI PROSTITUCIÓN

É a dobre moralidade do franquismo. A muller non ten dereito a gozar do seu corpo, non debe sentir pracer co sexo pero si debe estar dispoñíbel para satisfacer as necesidades do varón: esposo ou cliente. O decreto do 27 de marzo de 1941 anula a prohibición da prostitución decretada pola II República. En 1956, o dezo de rexime por ser aceptado en Europa –entra na ONU en 1955– leva á abolición da prostitución pero non fai que remate, só que se transforme. Chegan as famosas barras americanas e a comercialización do corpo feminino séguese a tolerar *sine die*.

## A PROSTITUCIÓN DA FAME

A prostitución convértese no oficio de moitas mulleres condenadas á fame pola súa ideoloxía, polo asasinato do home ou pola miseria da época. **Carme Verdeal** queda embarazada do fillo da familia de Pontecesures á que serve, pouco antes de que o chamen a filas. Cando lle din que morrera na guerra, marcha a Vigo e traballa no que pode para sacar adiante a nena. Pero el volve, e repúdiaa. Tamén **María Ónega**, vogal da Agrupación Socialista Feminina do Ferrol, vese obrigada a exercer a prostitución tras o asasinato do pai e o home, segundo di o seu expediente. E **Aurelia Prieto Balsa**, irmá do alcalde republicano de Mugardos, acaba na mesma situación en Ceuta.

## NAI, RELIXIOSA OU PUTA

Máis alá dos castigos individuais que infrinxe a determinadas mulleres, o franquismo supón represión contra todas. Estado, Falanxe e Igrexa coinciden en catalogar o corpo feminino como algo sucio, pecaminoso, sobre o que hai que exercer un control total. A súa sexualidade é negada. Só é lícita como camiño á maternidade ou para satisfacer os desexos do varón. O rexime só contempla dúas posibilidades para a muller que non é nai e esposa: ser monxa ou puta.

## HEMORRAXIA INTERNA

Os asasinatos de mulleres durante o franquismo foron tan insignificantes para a Historia que cando se intenta facer o relato hai asasinadas que se converten apenas nun apunte dun rexistro. Morta por hemorraxia interna, por traumatismo ou por fractura da columna vertebral como aparece na documentación de **Emilia Álvarez Incógnito**, unha veciña de Vilamarín de 22 anos.



Ser monxa era un dos poucos destinos decentes que o franquismo vía para as solteiras  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO



Carme Verdeal  
ARQUIVO RAÚL SOUTELO

NOTA: Agás as fotos de mulleres identificadas polo seu nome, o resto son usadas como recurso sen que as protagonistas garden relación co tema.

# Individuas de dudosa moral

## O CÁRCERE DO MATRIMONIO

O franquismo entende que o único destino da muller é o matrimonio, pero convérteo nun cárcere, pois en 1938 suprime o divorcio e recupera o código monárquico que obriga a esposa a obedecer o home. Precisa autorización súa para asinar contratos de traballo e administrar o salario, herdar, ser testemuña nun xuízo ou mercar unha xoia. A Sección Feminina transmite a doutrina da Igrexa: o papel esencial da muller está no fogar como dadora de amor e suprema educadora. Mais como todo o referente á moralidade durante o franquismo, unha cousa é predicar e outro dar trigo. A propia **Pilar Primo de Rivera**, dirixente da Sección Feminina do partido único, Falange Española, é unha contradición: en lugar de casar e ter descendencia, percorre o país propagando ideas, iso si, fascistas.

## LEIS CONTRARIAS AOS DEREITOS FEMININOS

A lexislación franquista supón un importante retroceso nos avances que con moito esforzo foran conseguindo as mulleres no primeiro terzo do século. O novo ordenamento xurídico busca reforzar a autoridade de pais e maridos e recluír as mulleres no fogar, mesmo a través de medidas protectoras como os premios ás familias numerosas, que non fan senón auspiciar a maternidade como destino único e supremo. Ademais, un decreto de outubro de 1939 establece como materia obrigada fogar e economía doméstica de primaria a maxisterio. A partir de 1937 esíxennles o Servizo Social da Sección Feminina para conseguir un título ou para traballar.

## VÍTIMAS INVISÍBEIS DA VIOLENCIA MACHISTA

A ditadura mantén ata 1963 a figura de "uxoricidio por honor" que exime do cárcere ao varón que mata a esposa infiel ou a unha filla menor por manter relacións sexuais sen estar casada. A violencia machista non existe e as penas por asasinar á muller son laxas: A oleíresa **María Docampo**, que traballara con Castelao durante a súa xeira por Norteamérica, é asasinada o 23 de setembro de 1948 xunto a súa nai, **María Ramos Díaz**, e a súa irmá, **Encarnación Docampo**. O culpábel é o seu home José García Peña, *Jalisco*, que libra da pena de morte que o franquismo si aplica a quen loita pola democracia. Condenado a 25 anos, sae aos 12 e mata a súa nova compañeira.



O destino da muller na España franquista é o matrimonio

FONDOS GRÁFICOS DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



Pilar Primo de Rivera predicaba un estilo de vida moi distinto ao que levaba

ARQUIVO MUSEO DE PONTEVEDRA

*Cando se enfade, calarás; cando grite, baixarás a cabeza sen replicar. Cando esixa, cederás*

## DOUTRINA FRANQUISTA SOBRE O PROCEDER DA ESPOSA

### LIBRES PARA ENGRAXAR A MAQUINARIA CAPITALISTA

O intento de desenvolvemento do franquismo nos anos 60 introduce importantes novidades na situación legislativa das mulleres. A reclusión de esposas no ámbito doméstico non casa ben co capitalismo, ao que lle convén ter operarias, que ademais cobran menos ca os homes. É por iso que Pilar Primo de Rivera defende nas cortes franquistas a Lei de dereitos políticos profesionais e de traballo da muller, que se aproba o 22 de xullo de 1961 na procura de facilitar o seu acceso ás fábricas, aínda que as segue vetando no exército e en carreiras que impliquen o uso de armas.



As mozas atoparon na emigración unha liberdade que o franquismo lles negaba

ARQUIVO PARTICULAR




María Docampo con Castelao, Virxinia Pereira e Luís Soto

ARQUIVO RAMÓN ERMIDA



Nos 60, o franquismo foi menos ríxido coas eivas ao traballo feminino para dar man de obra ao capitalismo

ARQUIVO PARTICULAR



O destino da muller na España franquista é o matrimonio

ARQUIVO PARTICULAR

# O matrimonio como condena

NOTA: Agás as fotos de mulleres identificadas polo seu nome, o resto son usadas como recurso sen que as protagonistas garden relación co tema.

## A MORALIDADE IMPOSTA

O franquismo converte en delito o adulterio feminino, penaliza o aborto como infanticidio, e culga as prostitutas, aínda que as donas das mancebías acaben case sempre absoltas. A Igrexa fixa a lume na mente feminina que gozar do propio corpo é pecado e converte a culpa en cela. Ademais dos límites legais hai un límite moral, que arraiga en toda unha xeración de mulleres, moito menos libres ca as súas nais e transmisoras da culpa ás fillas.

## A INVISIBILIZACIÓN DAS LESBIANAS

Unha das consecuencias de negar a sexualidade feminina é a invisibilización das lesbianas. A sexualidade das mulleres vai indefectibelmente unida a un home e calquera outra posibilidade apenas se contempla e, cando se fai, considérase delito e ata tolemia. Por iso, calquera achegamento a unha compañeira entre as mozas ingresadas en institucións como o Patronato de Protección a la Mujer, podía provocar o seu traslado a un xulgado o un manicomio. **Eva García de la Torre**, que logo sería alcadesa do Porriño, foi xulgada en xullo de 1978 en Vigo por ser homosexual.



**Eva García de la Torre**  
ARQUIVO FAMILIAR

## "INVERTIDOS CON PECHOS", A NEGACIÓN DA REALIDADE TRANS

As mulleres transexuais son consideradas polo franquismo unha manifestación errada da sexualidade masculina. Travestis é a denominación máis común, pero os expedientes chegan a recollelas baixo a denominación de "invertidos con pechos" e reprímeas a través de normas como a *Ley de Vagos y Maleantes* de 1954 ou a *Ley de Peligrosidad y Rehabilitación Social* de 1970. Na Coruña viviu na última etapa da súa vida, **Trinidad Falcés**, que por ser unha muller transexual pasou por cárceres de Barcelona ou Cáceres.



**Trinidad Falcés**  
FOTOGRAFÍA DE CARME CERVIÑO

## UN CÁRCERE OU UN CONVENTO?

A diferenza dos varóns, que son presos políticos, as presas republicanas son consideradas fundamentalmente pecadoras, e por iso en moitas ocasións encárgase ás monxas o coidado dos cárceres e doutras institucións represoras como o Patronato de Protección a la Mujer, mentres que as prisións masculinas carecen dese marcado control relixioso.



**As relixiosas coidaban dos soldados e eran carcereiras das presas**  
ARQUIVO PACHECO DO CONCELLO DE VIGO

*Los principios de la moral cristiana han sido tantas veces proclamados por nuestro régimen que la Autoridad puede intervenir no ya sin oposición externa -ocioso es decirlo- sino sin extrañeza de nadie para corregir toda manifestación pública de inmoralidad*

*TEXTO DUNHA INSTRUCIÓN GOBERNATIVA FRANQUISTA*

## PASAR POLO ARO BAUTISMAL

**Casilda Rosendo** vese obrigada a bautizar a filla que ten con José Casal e cambiarlle o nome: Lucrecia en vez de **Democracia Casal Rosendo**. Bautízana en Santo Adrán de Cobres xunto a outra nena de familia republicana que se chama **Libertad** e ten que chamarse Berta. A **Isolina Villaverde Cendón**, de Mourente, obrígana a bautizar a súa filla logo do asasinato do home, Aurelio Torres. O cura impedíalle a **Lola Torres Villaverde** xogar con outras nenas e Isolina deixa que lla bauticen pero non vai con ela. Nunca volve pisar a igrexa en que se prohibiu a entrada do cadáver masacrado do seu home.



**Lola Torres e a súa nai, Isolina Villaverde**  
ARQUIVO FAMILIAR

## NON HAI AMNISTÍA PARA A SEXUALIDADE FEMININA

A consideración das presas antifascistas como pecadoras fai que os delitos relacionados coa sexualidade feminina fiquen fóra da aplicación da *Ley de Amnistía*, e máis de trescentas mulleres condenadas por adulterio, aborto ou prostitución fican no cárcere após a chegada da democracia. Máis unha vez, algúns varóns antifascistas van aplicar a mesma misoxinia excluínte que o réxime, malia a puxa dos numerosos colectivos de mulleres que agroman nos anos sesenta para loitar pola liberación. A Transición deixa de lado a necesidade de cambiar a moralidade imperante e devolver a sexualidade feminina ao ámbito individual e privado do que nunca debeu saír. E nesas seguimos.



**Mulleres facendo labores nun campamento da Sección Feminina**  
FUNDACIÓN 10 DE MARZO

# Máis ca delincuentes, pecadoras

## O CÁRCERE DA SEXUALIDADE FEMININA

O proceso de converter a sexualidade feminina en delito e pechala no gran cárcere que foi o Estado para todas as mulleres culmínase coa reedición o 6 de novembro de 1941 do *Patronato de Protección a la Mujer*, que creara a República para substituír o moralizante *Patronato Real de la Trata de Blancas* por atención social e que o franquismo converte nun inferno para centos de rapazas. O que os seus obxectivos recollen como dignificación moral das mozas a fin de impedir a súa explotación, afastalas do vicio e educalas de acordo coa relixión católica, acaba converténdose na eliminación absoluta de calquera mostra de liberdade, de decisión sobre o seu propio corpo.



Clases de bordado en Nuestra Señora de los Ojos Grandes de Lugo  
ARQUIVO ENRIQUETA BARRANCO

## CONTROL SOBRE AS PRAIAS, OS CINES, OS LIBROS, OS BAILES

O réxime policial fica insuficiente para garantir que ningunha muller se saia do abafante xustillo moral imposto polo franquismo, así que civís afíns ao réxime pasan a ser forzas parapoliciais que denunciaren calquera rapaza que "perda a honra". Controlan cines, bailes, piscinas, festas e romarías á busca de calquera mostra de sexualidade "indecorosa". Un bico pouco casto, un baile moi pegado, un coqueteo excesivo, son censurados igual que aquelas películas, libros ou carteis que poidan amosar nin a máis mínima pinga do que o réxime considera "pornografía".



O control sobre as parellas era total  
ARQUIVO PARTICULAR

## REGULAMENTO SOBRE O VESTIR

Regulaméntanse incluso os traxes de baño e os uniformes deportivos para limitar os que non son decorosos. Intervense nos lugares de traballo a fin de evitar contactos indebidos entre persoas de distinto sexo. Unha denuncia é dabondo para que unha rapaza, de entre 16 e 25 anos, sexa retida nas prisións especiais para mulleres "caídas" que se crean por decreto o 20 de novembro de 1941.



A vestimenta feminina tamén era sometida a control  
ARQUIVO PARTICULAR

## PRÓCERES DA PATRIA, VIXIANTES DA MORAL

As catro provincias galegas, como as do resto do Estado, contan con cadansúa *Junta Provincial*, que é o órgano de xestión do Patronato na provincia, nalgún caso reforzadas por *Juntas Locales* en cidades grandes como Vigo. Os nomes da represión atopan un novo escenario para a crueldade, co protagonismo incontestábel da Igrexa Católica. As *juntas* deciden cuestións como se poden ou non ir ás súas casas no verán. Son numerosos os informes que recollen casos graves de depresión nerviosa nas internas, obrigadas a ficar retidas lonxe das súas familias.



O franquismo disfraza a represión de caridade  
ARQUIVO PACHECO

## EXAMES XINECOLÓXICAS A NENAS

Ser denunciada pola garda da moralidade, por un pai que non acepta a relación cun determinado mozo, ou repudiada pola familia tras ser violada por un dos seus integrantes, é dabondo para que unha moza acabe encerrada nunha institución do Patronato sen ningún amparo legal. Ao ingreso, moitas son sometidas a exames xinecolóxicos que determinan se son "completas" ou "incompletas". Quedar embarazada estando solteira é unha das causas de ingreso no Patronato, e as internas denuncian a presión da dirección para que dean as súas criaturas en adopción.

*Queremos libertad pero con orden, y consideramos delictuoso cuanto vaya contra Dios o la moral cristiana*  
FRANCISCO FRANCO

## INSTITUCIÓNS RELIXIOSAS QUE TORNAN EN CÁRCERES

Hogar-taller Santa María Goretti en Lavadores, Hermanas Trinitarias de Vigo, Nuestra Señora de los Ojos Grandes de Lugo, Oblatas de Bouzas, Ferrol ou Santiago; Adoratrices de Ourense e da Coruña; Buen Pastor de Tui ou Hijas de Maria Inmaculada en Bañobre-Miño, son algúns dos centros adscritos ao Patronato na Galiza. Véndense como lugares de formación pero na maioría dos casos as mozas son convertidas en man de obra barata para engordar as arcas das institucións. Moitas galegas son enviadas a centros doutros puntos do Estado. O Patronato, que é traspasado á Xunta en 1983, mantense activo oficialmente ata 1985, pero os arquivos aínda rexistran ingresos nos albores de 1986.



Dormitorio de Nuestra Señora de los Ojos Grandes de Lugo, unha das institucións vinculadas ao Patronato  
ARQUIVO ENRIQUETA BARRANCO

# O inferno do Patronato

NOTA: Agás a primeira, o resto de fotos de mulleres son usadas como recurso sen que as protagonistas garden relación co tema.

Sinaladas, provincia da Coruña x x x x x x x x x x x x x x x x x x x

## DO TEMPO DA ESPERANZA AO TEMPO DA DECEPCIÓN

A vitoria aliada tras a II guerra mundial non trae o devecido desafiuzamento do franquismo. Pola contra, o contexto da guerra fría e a polarización entre o bloque capitalista e o comunista converten a ditadura española en aliada dos Estados Unidos e das potencias occidentais agrupadas na OTAN. O inicial rexeitamento da ONU dá paso á integración da España franquista no organismo o 14 de decembro de 1955.



O franquismo foi recoñecido pola ONU en 1955  
ARQUIVO PACHECO-CONCELLO DE VIGO

## A OPOSICIÓN DEMOCRÁTICA REFORMULA A LOITA

O contexto internacional obriga á reformulación da loita da oposición antifranquista. Tras o abandono das forzas aliadas, o PCE pon fin á guerrilla e participa na alianza con outras forzas democráticas en prol dunha saída pactada. Mais a partir dos sesenta é clave a súa presenza no movemento obreiro e no estudantil, simultáneo ao maio francés e imbuído da revolución cubana e as mobilizacións pacifistas internacionais contra a guerra de Vietnam. Tamén o nacionalismo amosa a súa solidariedade cos pobos sometidos e o rexeitamento ao colonialismo ianqui.



O peche na facultade  
ARQUIVO VICENTE A. ARECES CEDIDO POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

## CARTEIS CONTRA A GUERRA DE VIETNAM

Pór carteis contra a guerra de Vietnam no Colexio Maior Santa María del Estudiante en 1967, leva á expulsión da comunista pontevedresa **Teresa Viñas** e da nacionalista **Pilar Allegue**, que perde a bolsa e ten que pedir un crédito -avalada polo pai de Teresa- para seguir estudando en Madrid. Ademais, Pilar, que é delegada do sindicato SDEUM, vai dúas veces ao TOP como testemuña do docente Agustín García Calvo, condenado por apoloxía da subversión e exiliado en Francia.



Pilar Allegue votando nas primeiras eleccións democráticas  
ARQUIVO PILAR ALLEGUE

## O INTERNACIONALISMO DO NACIONALISMO

A loita da mocidade galeguista en Madrid artéllase no Comité das Nacionalidades compartido con Euskadi e Catalunya, e nomeadamente a través do Seminario de Cultura Galega do Club de Amigos da Unesco, que dá clases de historia, literatura e pensamento da Galiza. Nace en 1965 como sucesor do colectivo Brais Pinto que fora fundamental para o xurdimento da UPG. Ao Seminario pertencen ademais de Pilar Allegue, outras mulleres como **Natalia Escrig**, **Carmela Arbones**, **María Cagliao**, **Sabela Pita** ou **María Rábago**.



Militantes da UPG en Madrid  
FUNDACIÓN TERRA E TEMPO

## O ABROLLO DO ASOCIACIONISMO CULTURAL


A resposta ao réxime desde unha perspectiva de país agromará tamén nas agrupacións culturais que se crean nos anos sesenta. Por exemplo a compostelá O Galo, xurdida en 1961, ou O Facho da Coruña, que nace en 1963. Teatro, gravados, música... A cultura convértese en arma contra o réxime e en prol da lingua. En 1963 o SEU falanxista convoca un premio de teatro que exclúe o galego. O Galo fai unha campaña de recadación de pesos para organizar na nosa lingua o Premio Castelao, que terá catro edicións.



Carné do Galo  
ARQUIVO MANOLI CORRAL CEDIDO POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

## O CONTROL, SEMPRE EN GALIZA

Ademais de espallar a súa mensaxe na sociedade, o asociacionismo dos sesenta forma cadros mozos que se achegan á realidade nacional a través do reparto baixo corda do *Sempre en Galiza*. O control do réxime é absoluto. Para organizar un acto público mesmo nun local pechado hai que mandar á Garda Civil un guión ou incluso o texto íntegro do que se vai dicir, e non son poucas as sancións que se executan.



Calquera acto precisaba autorización  
ARQUIVO PARTICULAR CEDIDO POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

*Na súa orixe, natureza, estrutura e conduta xeral, o réxime de Franco é un réxime de carácter fascista, establecido en gran parte grazas á axuda recibida da Alemaña nazi de Hitler e da Italia fascista de Mussolini*  
RESOLUCIÓN DAS NACIONS UNIDAS DO 12 DE DECEMBRO DE 1946

# Xente nova con cultura de loita

## AS AULAS ACUBILLAN UNHA NOVA FRONTE DE LOITA

O ámbito universitario será clave na toma de consciencia da xeración nacida após a derrota republicana. O axitación do estudantado máis comprometido busca concienciar o resto da necesidade de acabar coa ditadura, e aínda que comeza moito antes e vai máis alá da morte do ditador, o intre que máis se vincula coa súa loita é a primavera de 1968. A descendencia da xeración represaliada, o exalumnado de centros relixiosos, unha nova fornada de docentes universitarios sucesora do espírito crítico da Institución Libre de Enseñanza e, curiosamente, fillos e fillas da xerarquía franquista únense nunha fronte común contra un réxime xa en devalo.



Estudiantes no 68 compostelán  
ARQUIVO FUNDACIÓN 10 DE MARZO

*Se os cambios no pensamento e no comportamento político-social foron grandes, os cambios de mentalidade respecto ó papel das mulleres foron escasos, mesmo entre os universitarios que se dicían de esquerdas*

**CAMINO NOIA**

## O CONCILIO ROMPE O PALIO

A renovación que introduce o Concilio Vaticano II a finais de 1962 vai provocar que unha nova fornada de sacerdotes rompa coa comunión xeneralizada entre Igrexa e franquismo. Un sector avogará por unha galeguización da liturxia, aínda que sexa minoritaria, e apoiará as reivindicacións de liberdade do movemento obreiro e estudantil, o que terá un importante reflexo na mobilización compostelá de 1968.



Marzo de 1968 en Compostela  
ARQUIVO VICENTE A. ARECES CEDIDO POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

## A BATALLA DA JUVENTUD ESTUDIANTE CATÓLICA

A militancia na Juventud Estudiante Católica (JEC) dá a moitas mozas galegas a posibilidade de viaxar a outros puntos do Estado, coñecer o feminismo e as ideas da esquerda europea e participar, desde a proximidade co marxismo, no movemento estudantil.

**Camino Noia Campos**, presidenta da JEC feminina, avogará, non sempre con éxito, por estender a loita ao recoñecemento de maior liberdade para as mulleres.



Houbo unha nova fornada de sacerdotes que se separou da complicidade entre franquismo e Igrexa e apoiou os movementos sociais  
ARQUIVO FUNDACIÓN 10 DE MARZO

## "SEXISMO NA UNIVERSIDADE? APROXIMADAMENTE, BASTANTE"

A compostelá **Mari Álvarez Lires** tiña un pai militar e ía a actividades da Sección Feminina e de Acción Católica da Igrexa de San Bieito. En 1968, cando facía cuarto de Química, vai participar en tarefas de axitación e propaganda con outras mulleres como **Luz Rey**, **Manoli Corral** ou **Elena López Prado**. Non chega a estar detida pero aparece na listaxe de alumnado "indesexábel". Cando se lle pregunta pola situación das mulleres naquela época é lapidaria: "Sexismo na Universidade? Aproximadamente, bastante".



Carmen Panisse, Camino Noia, Manoli Corral, Luz Rey e Carmen Sanleón.  
ARQUIVO CAMINO NOIA CEDIDO POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

# Leccións de resistencia democrática

## UN PECHE HISTÓRICO

A revolución compostelá é previa ao maio francés e vén orixinada polo represivo ambiente franquista. Calquera acto que se considere subversivo, como unha queima de xornais en xaneiro de 1968, é castigado con dureza polo réxime, que non está disposto a abrir a man. Pero os tempos son chegados e o estudantado combate a represión con folgas e un histórico peche do 10 ao 12 de marzo na Facultade de Filosofía.



O peche na facultade  
FOTO VICENTE A. ARECES CEDIDA POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

## MULLERES NO 68


As detencións e procesos que se inician após marzo do 68 afectan sobre todos homes, pode que pola misoxinia que impide ao franquismo ver a muller como animal político. Pero elas están. En labores de intendencia ou de agocho de procesados mais tamén organizando e participando en mobilizacións. **Mari Carmen Nieves**, *Pasionaria*; **Luz Rubiños**, **Marisa Melón**, as irmás **López Facal**, ou **Carmen Panisse** son algúns dos seus nomes. A solidariedade con Compostela esténdese por todo o país. A ferrolá **Josefa Piñón Seoane** asina un manifesto de apoio e queda fichada.



Mari Carmen Nieves  
ARQUIVO PARTICULAR CEDIDO POLA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

## A CULTURA COMO ARMA

A cultura convértese en arma contra o réxime e en prol da lingua. En 1963 o SEU falanxista convoca un premio de teatro que exclúe o galego. En resposta, O Galo fai unha campaña de recadación de pesos e organízanse catro edicións do Premio Castelao. Teatro, gravados, música... todo conta na loita contra a intolerancia. En 1968 **Beatriz Rey** é acusada de "injurias a la Nación, al Ejército y a la Guardia Civil" por un gravado que expón nunha mostra de Tui, axiña clausurada. A Mostra de Teatro de Ribadavia ou os cineclubs son outros referentes culturais da época.



Bea Rey  
MUSEO BEA REY



O minifundio, obra de Bea Rey de 1969  
pertencente ao Grupo Estampa Popular Galega  
MUSEO BEA REY

*Voces ceibes foi unha historia de amor a unha Terra, a unha lingua e a unha xente*  
**VICENTE ARAGUAS**

## A ALBORADA MILITANTE DE PALMYRE ROS

Falar de resistencia cultural con perspectiva de xénero é falar de *Alborada*, revista clandestina para mulleres que promove a militante do PCE **Palmyre Ros**, nacida en Francia a golpe de exilio. Chega a Vigo en 1963 da man da Alianza Francesa e axiña contacta con referentes indiscutíbeis como **Antía Cal**. O primeiro número de *Alborada* sae en 1966. O segundo xa non pode ser distribuído. Palmyre é detida o 16 de xuño por propaganda ilegal e tras ser liberada marcha a Francia.




Palmyre Ros cunha compañeira  
ARQUIVO FUNDACIÓN 10 DE MARZO

## VOCES CEIBES

A canción é outra forma de protesta. A maior representación da Nova Canción Galega é *Voces Ceibes*, xurdida en maio do 68 tras as mobilizacións na universidade compostelá. Ademais de pór música a poemas de autores como Celso Emilio Ferreiro, fai as súas propias letras "para sementar as verdades prohibidas".

O nome púxollo **Margariña Valderrama**, que é unha das súas cofundadoras e gran defensora da lingua e a cultura galegas malia a súa orixe madrileña. Hoxe milita no Partido Socialista.



Cartel do concerto de Voces Ceibes que deseñou Bea Rey con Pousa e Patiño

## AGREDIDAS CON CADEAS POR UN GRUPO DE EXTREMA DEREITA

Nin a loita nin a represión contra o estudantado rematan en 1968. A ferrolá **Anxela Loureiro** participa na manifestación do Primeiro de Maio de 1976 e malia que xa morrera o ditador, pasa dous días en comisaría. Fora unha das alumnas agredidas con cadeas o ano anterior por un grupo de extrema dereita. Os feitos darán lugar a un xuízo que gañan elas, nun fito pioneiro a nivel estatal.

# Os tempos son chegados

## A DEFENSA DO GALEGO

A lingua é outra vítima da represión franquista. O réxime desprézaa e afástaas das aulas como fai co profesorado republicano. Por iso é de vital importancia o compromiso das agrupacións culturais nadas nos sesenta, que buscan romper coa visión do galego como fala de baixo prestixio social que reducir ao folclore ou á familia. Imparten cursos, celebran o Día das Letras e espallan a nosa literatura con recitais e ciclos ou a través da venda de títulos no noso idioma, que reivindican para o ensino e ata a misa.

## A RETIRADA DE PASAPORTE A MARÍA VICTORIA MORENO

A escritora **María Victoria Moreno** comeza a impartir clases de Lingua e Literatura Galega en Vilagarcía en 1972, nomeadamente a mariscadoras vinculadas co incipiente movemento feminista. O primeiro aviso chégalle en forma de visita policial. Tómanlle os datos e disólvenlle a clase alegando que é unha reunión ilegal. Ao ano seguinte, retíranlle o pasaporte por dar clases no Ateneo de Ourense, claramente antifranquista. A pesar da súa orixe extremeña, é unha férrea defensora do galego, lingua en que publica a práctica totalidade da súa obra literaria, polo que é homenaxeada nas Letras Galegas de 2018. María Victoria foi unha das gañadoras do pioneiro certame de contos que organiza O Facho.



O compromiso de María Victoria Moreno co galego fixo que lle fose retirado o pasaporte  
ARQUIVO FAMILIAR

*(Castelao) trata coa súa arte marabillosa de escangallar o caciquismo, de destruír definitivamente as vellas concepcións conservadoras, reaccionarias, opresoras dun pobo sinxelo, traballador, que merecía mellor sorte*

*ANACO DA RETRANSMISIÓN DE TAREIXA NAVEZA DURANTE O TRASLADO DOS RESTOS DE CASTELAO A COMPOSTELA*

# A persecución da lingua

## A DOCENCIA EN CLAVE DE PAÍS

Tras unha primeira etapa en que os cadros nacionalistas evitan o uso do galego nas clases para non descubrir a súa militancia, a UPG anima a facelo en 1972 e vai collendo auge, sobre todo após 1975. Pero a morte do ditador non supón a fin da represión da lingua. O decreto de bilingüismo de agosto de 1979 é usado como arma de sanción ao profesorado que o fala, e a maioría desiste para evitar a expulsión.

## PADRÓN MANIFÉSTASE POLA LINGUA

A chairega **Pepa Baamonde**, dirixente na clandestinidade do sindicato UTEG, mantén o pulso malia as chamadas á orde e convértese nun símbolo de resistencia. Mestra nos Ancares, Ribadeo ou Rois, tras ser denunciada pola APA é suspendida de emprego e soldo en 1981, dous anos antes da aprobación da Lei de Normalización Lingüística, e posteriormente trasladada. A folga e as mobilizacións no seu apoio, como a realizada en Padrón, contan cun respaldo masivo.



Manifestación en Padrón en solidariedade con Pepa Baamonde, que a encabeza

ARQUIVO XAN CARBALLA

## A DITADURA CONTINÚA PARA TAREIXA NAVEZA

Nin a chegada da democracia nin a vitoria socialista de 1982 poñen a fin ao relato da represión contra as mulleres e a lingua. **Tareixa Navaza** é afastada do seu posto como presentadora do Telexornal por dar lectura ao manifesto da mobilización contra a reconversión industrial que fai o sector naval en Compostela en 1983. Mándana aos corredores, a non facer nada, pero ármase tal balbordo que a restitúen no posto. Mais será só ata o 28 de xuño de 1984. Encargada de retransmitir o traslado dos restos de Castelao a Bonaval, Tareixa decide intercalar retallos do *Sempre en Galiza* co relato das cargas policiais contra a xente que berra: "A Castelao non se lle traizo", "Galiza ceibe, poder popular". Ese mesmo día é cesado o director, Álex Cribeiro, e ela é condenada ao ostracismo.



Tareixa nun acto homenaxe a Castelao  
ARQUIVO TAREIXA NAVEZA

## A FORZA DE BAZÁN

A batalla contra o fascismo nunca baixa os brazos, só cambia de mans, e da xeración republicana pasa á nacida após da derrota. O relato dunha transición cara á democracia fraguada pacificamente nos despachos polas elites non é real, pois deixa fóra a loita do pobo, a do movemento estudiantil, e a da clase traballadora do país que ten o seu punto álxido en marzo de 1972. Comisións Obreiras (CC.OO.) infiltraise nas fábricas como cabalo de Troia do sindicato vertical, e con 6000 empregos Bazán é un dos seus grandes bastións.



Imaxe do día 9 de marzo de 1972 en Bazán  
ARQUIVO FRANCISCO MENÉNDEZ



Traballadores en Bazán  
ARQUIVO PARTICULAR

Naquel tempo penseuse que ao lograr a liberdade chegaría a igualdade tamén, mais aínda hoxe temos que saír ás rúas a esixila

ÁNXELA LOUREIRO

## O 10 DE MARZO DE 1972

As cargas policiais contra as mobilizacións obreiras daquel 10 de marzo de 1972 causan medio cento de persoas feridas e dous mortos: Daniel Niebla e Amador Rey. Ferrol parálizase e toma as rúas en mobilizacións que contan con gran presenza feminina. Máis da metade das 150 persoas detidas son mulleres. Entre elas **Josefa Varela**, que ingresa no cárcere.



Josefa Varela co mantel que bordou no cárcere  
ARQUIVO ÁNXELA LOUREIRO



As mulleres nun acto de recepción aos últimos presos de Bazán en 1976  
ARQUIVO JOSEFA VARELA FONTÁN

## O "TERRORISMO" OBREIRO

A raíz dos sucesos de Bazán, o Tribunal de Orde Pública (TOP) abre varios sumarios contra mulleres como **Rosario Alabau**, **Sari** ou a cabanense **Manuela Valcárcel**, **Mela a Carboeira**. As mulleres tamén teñen protagonismo na defensa dos obreiros a través de avogadas como **Cristina Almeida** ou **Mariam Lozano**.



Sari Alabau foi procesada polos sucesos do 10 de marzo  
ARQUIVO SARI ALABAU



Manuela Valcárcel, coñecida como Mela a Carboeira  
FOTO DA PUBLICACIÓN DEZ.EME CEDIDA POR ÁNXELA LOUREIRO

## MULLERES QUE TERMAN DA LOITA

As mulleres están fondamente implicadas na loita do tardofranquismo, aínda que, en liñas xerais, o relato as ignore. Están a pé de rúa en Bazán e teñen a súa propia loita sindical nas fábricas con man de obra feminina. Xa

en 1967 **María de los Ángeles Rivera Torres** é detida e ferida nas mobilizacións da ferrolá PSYBE.



María de los Ángeles Rivera  
ARQUIVO ÁNXELA LOUREIRO

## EXILIADAS

A loita obreira do tardofranquismo volve empurrar as galegas ao exilio para evitar a súa persecución ou a dos compañeiros. É o caso de **Angelita Fernández**, exemplo de solidariedade coa recolleita de alimentos para PSYBE ou o peche en Megasa. As primeiras en partir en abril do 73 son as comunistas **Marisol Novás** e **Josefina Freijomil**.



Angelita Fernández coa tamén ferrolá Pilar Varela e a avogada Cristina Almeida.  
ARQUIVO ÁNXELA LOUREIRO

# 1972: Traballando pola democracia

## O GALEGUISMO RECUPERA O LEGADO DO EXILIO


Os anos sesenta supoñen un revulsivo para o nacionalismo. Desterrada a posibilidade de que as democracias occidentais desafiuzasen o franquismo tras a II guerra mundial, o galeguismo do interior romperá cun exilio que mantiña a defensa da lexitimidade dos deputados galegos das cortes republicanas integrados no Consello de Galiza, e decidira restrinxir a loita ao ámbito cultural, condicionado pola inflexíbel represión do réxime. Porén, a mocidade nacionalista volve conectar coa diáspora e nos sesenta artella novas organizacións que retoman a batalla política desde unha perspectiva de esquerdas.



Recepción no exilio a Castelao, presidente do Consello de Galiza, e a Virxinia Pereira.  
ARQUIVO A NOSA TERRA

## O CAMIÑO QUE ABRE SALETA GOI

A aposta clara pola vertente política visualízase no Consello da Mocidade, que xorde en 1963 e no que ten un protagonismo indiscutíbel **Saleta Goi**, dirixente da Unión do Pobo Galego (UPG). O seu compromiso lévaa a ser detida e multada en varias ocasións, igual có seu compañeiro, Manuel María. Ademais será a impulsora de innumerábeis iniciativas culturais polo país como *Xistral*.



Saleta Goi  
ARQUIVO FUNDACIÓN MANUEL MARÍA

## O REXURDIR NACIONALISTA, NO PUNTO DE MIRA DA BRIGADA POLÍTICO-SOCIAL

O rearme nacionalista preocupa ao réxime, como se evidencia no informe "Separatismo gallego" que fai a Brigada Político Social (BPS) o 17 de xaneiro de 1968. Nel xa se reflicte a vinculación co exilio, pois se responsabiliza do rexurdir á revista *Vieiros* -que o Padroado da Cultura Galega edita en México na nosa lingua-, e a outras actividades alén do mar como o Congreso da Emigración Galega, celebrado en Buenos Aires en 1956.




A celebración do 25 de xullo retomouse no ano 1968, malia a prohibición franquista  
ARQUIVO FUNDACIÓN TERRA E TEMPO

## LOITO NO PORTO POR REBOIRAS

Participar nun acto reivindicativo do 25 de xullo de 1974 leva, primeiro á clandestinidade e logo ao exilio portugués, á cineasta lucense **Margarita Ledo**. O asasinato no Ferrol do dirixente nacionalista Moncho Reboiras o 12 de agosto do ano seguinte, precipita que tamén teñan que cruzar a fronteira outras nacionalistas como **Elsa Costas**, **Concha González** ou **Elvira Souto**.



Elvira Souto  
ARQUIVO FUNDACIÓN TERRA E TEMPO



Margarita Ledo con outros compañeiros da UPG  
ARQUIVO FUNDACIÓN TERRA E TEMPO


*Cando a primeira persoa da nova fornada pon un pé na casa do nacionalismo xa estaba Saleta aí para recibila*  
**RAMÓN ERMIDA**

## MARISA VÁZQUEZ BARQUERO, A ÚLTIMA PRESA POLÍTICA

Ao día seguinte do asasinato de Moncho Reboiras é detida a nacionalista **Marisa Vázquez Barquero**, que será a última presa galega do franquismo. Non recupera a liberdade ata a amnistía de 1977, máis de dous anos despois do seu ingreso en prisión. A caída de Reboiras provoca tamén o encarceramento das militantes **Marisa Canto**, **Pilar Costa**, **Carmen Pérez**, **Asunción Muñiz**, **Amparo Carracedo**, **Mari Carmen Rey**, **Adelina Gómez**, **Fernanda Coteló**, **Sabina Castro**, **Margarita Vázquez** e **Marisol García Juárez**, unha das presas máis novas de todo o Estado. Daquela só ten 16 anos.



Marisa Vázquez Barquero tras saír do cárcere  
ARQUIVO FUNDACIÓN TERRA E TEMPO



Marisol García Juárez  
ARQUIVO PARTICULAR

# A reorganización do nacionalismo

